

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DO DÍA 27
DE XUÑO DE 2025**

Ás 10.00 horas do día 27 de xuño de 2025, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: Don Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

Don Rosendo Luís Fernández Fernández

Don Plácido Álvarez Dobaño

Don José Miguel Pérez Blecua

Don César Manuel Fernández Gil

Dona Ana Patricia Torres Madureira

Don José María Lago Cabo

Dona María Teresa Barge Bello

Dona Marta Novoa Iglesias

Don Jorge Pumar Tesouro

Don Manuel Seoane Rodríguez

Dona María del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

Don Álvaro Vila Araújo

Don Emilio Luís Díaz Vidal

Don Diego Fernández Nogueira

Dona Marina Vaz Quintillán

Don Aurentino Alonso Araújo

Dona Susana Rodríguez Estévez

Dona Elvira Lama Fernández

Deputados/as do Grupo do BNG:

Don Bernardo Varela López

Dona María José Mangana Guede

Don Xosé Manuel Puga González.

Deputados do Grupo de Democracia Ourensana:

Don Antonio Fernández Martín

Don Gonzalo Pérez Jácome

Don Rafael Martínez Cachafeiro

Secretario: don Juan Marquina Fuentes

Interventora: dona Mónica Legaspi Díaz

O deputado de DO, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto dez da orde do día e non regresou.

A deputada do Grupo Socialista, dona Elvira Lama Fernández, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto doce da sesión e non regresou.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal Vídeo Acta, no seguinte enlace: [ver vídeo acta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 30 DE MAIO DE 2025 (EXP. Nº 2025/6Q/PLENO).-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 30 de maio de 2025.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial do día 30 de maio de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO DE 2025 (EXP. Nº 2025/16512V).

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Cambiar a data da sesión do Pleno ordinario do mes de xullo, que se realizará o día 24 de xullo de 2024, ás 10.00 horas.

3º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE AO CISPAC - CENTRO DE INVESTIGACIÓN INTERUNIVERSITARIO DAS PAISAXES ATLÁNTICAS CULTURAIS (EXP. Nº 2025/16720H).

D. José María Lago Cabo, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Solicitar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense como membro do Consello de Transferencia do CISPAC.

2º. Designar como representante da Deputación ao deputado provincial delegado da Área de Medio ambiente e enerxía don José María Lago Cabo.

4º.- APROBACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO OBRADOIRO DE GAITAS E INSTRUMENTOS TRADICIONAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (EXPTE. Nº 2025/14634W).

D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable do Grupo Popular (12), do BNG (3) e de Democracia Ourensana (3) e a abstención do Grupo Socialista (7), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora do Obradoiro de Gaitas e Instrumentos Tradicionais da Deputación Provincial de Ourense, quedando o seu texto íntegro coa seguinte redacción:

Artigo 1º.- Definición e obxecto

1. O Obradoiro de Gaitas e Instrumentos Tradicionais da Deputación Provincial de Ourense, constitúe un servizo público de carácter cultural e educativo de titularidade da Deputación Provincial de Ourense, desenvolto ao abeiro da competencia atribuída ao Goberno provincial para a realización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de educación e cultura, de conformidade co disposto no artigo 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

2. O obxecto principal do Obradoiro de Gaitas e Instrumentos Tradicionais da Deputación Provincial de Ourense, constitúeo o ensino con carácter non regrado da elaboración de instrumentos musicais tradicionais de Galicia, así como a realización de actividades complementarias do dito obxecto principal, tales como concursos,

exposicións e outras análogas. As actividades concretas que integrarán o servizo determinaranse anualmente conforme co previsto no artigo 3.

3. O Obradoiro de Gaitas e Instrumentos Tradicionais da Deputación Provincial de Ourense é un establecemento dependente da Administración provincial e carente de personalidade xurídica, integrándose, para todos os efectos, na Deputación Provincial de Ourense, a cuxos órganos de goberno corresponde, en exclusiva, a adopción dos actos e disposicións precisos para o seu funcionamento, e, en particular, de calquera acto administrativo con efectos fronte a terceiros.

Artigo 2º. Réxime de xestión

O Obradoiro de Gaitas e Instrumentos Tradicionais da Deputación Provincial de Ourense poderá xestionarse mediante calquera dos modos de xestión previstos na lexislación de réxime local.

Artigo 3º. Programación anual do Obradoiro

1. As actividades que desenvolverá a escola determinaranse antes do 15 de setembro de cada exercicio, para un período máximo de doce meses. A programación anual será aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial, a proposta da Dirección do Obradoiro, e incluírá as determinacións seguintes:

- Accións formativas que se desenvolverán, incluíndo o seu calendario e a relación de recursos humanos e materiais necesarios para a súa impartición.
- Prazos e procedemento de inscrición para a participación nas accións formativas.
- Outras actividades previstas.
- Prezos públicos dos servizos previstos, fixados de conformidade co establecido no artigo 4, sempre e cando a facultade para a súa fixación fose delegada na Xunta de Goberno.

A programación poderá suxeitar o efectivo desenvolvemento das accións previstas ao cumprimento de determinadas condicións de carácter obxectivo e, en particular, á existencia dun número mínimo de alumnos matriculados na acción formativa. Igualmente, a programación poderá establecer requisitos específicos de acceso das persoas interesadas ás accións formativas ou doutro tipo que leve a cabo a escola. Estes requisitos deberán ter unha xustificación obxectiva e en ningún caso poderán ser discriminatorios. En particular, non se considerará discriminatoria a restrición de acceso a determinadas actividades a persoas pertencentes a colectivos específicos precisados dunha especial atención por parte das administracións públicas.

2. A programación aprobada será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial.

3. A programación anual poderá ser modificada por razóns de oportunidade ao longo da súa vixencia.

Artigo 4º.- Prezos públicos dos servizos prestados polo Obradoiro de Gaitas e Instrumentos Tradicionais da Deputación Provincial de Ourense

1. Os servizos prestados polo Obradoiro de Gaitas e Instrumentos Tradicionais da Deputación Provincial de Ourense, serán gravados mediante prezos públicos de xeral aplicación, que se determinarán mediante as seguintes regras:

a) Dado o carácter de interese cultural, social e educativo das actividades desenvolvidas pola escola, os prezos non terán que cubrir integramente os custos do servizo. Non obstante o anterior, deberán cubrir cando menos, e como regra xeral, o 40% dos custos do servizo, agás naqueles casos en que se trate de servizos dun marcado carácter social dirixidos especificamente a colectivos especialmente desfavorecidos.

b) Na fixación dos prezos públicos por accións formativas poderase esixir unha tarifa en pagamento único en concepto de matrícula e unha tarifa de pagamento periódico polos servizos efectivamente recibidos.

c) Na fixación das tarifas poderán establecerse bonificacións dirixidas a persoas con baixo nivel de renda ou pertencentes a colectivos especialmente desfavorecidos.

d) Os prezos públicos esixiranse en réxime de autoliquidación, que se practicará a través dos impresos habilitados para o efecto pola Administración provincial. A autoliquidación correspondente á matrícula realizarse no momento da inscrición nas actividades gravadas e ás autoliquidacións correspondentes ás tarifas periódicas, no caso de establecerse, deberanse de efectuar por adiantado nos primeiros cinco (5) días do período ao que se refiran. O pagamento dos prezos públicos será requisito inescusable para a admisión nas actividades ou servizos gravados, e o cesamento no seu pagamento determinará a suspensión automática no dereito á recepción do servizo.

e) A fixación dos prezos dos diferentes servizos e actividades poderá delegarse na Xunta de Goberno, suposto no que se incluírá na programación anual da escola.

f) O pagamento dos prezos públicos deberá realizarse a través do modelo de autoliquidación habilitado para o efecto pola Deputación Provincial de Ourense en calquera das entidades bancarias colaboradoras que se indiquen no impreso, nas

oficinas de Correos, a través da pasarela de pagos da sede electrónica da Deputación Provincial ou por calquera outro medio que se habilite pola Deputación Provincial.

2. O acceso ás exposicións organizadas e xestionadas polo Obradoiro será gratuíto.

Artigo 5º.- Procedemento de inscrición e baixa nas actividades incluídas na programación anual

1. A inscrición nas actividades no Obradoiro de Gaitas e Instrumentos Tradicionais da Deputación Provincial de Ourense levarase a cabo mediante instancia dirixida á Presidencia, nos modelos que se establezan para o efecto, nos prazos establecidos na programación anual, podendo presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os solicitantes deberán cumprir os requisitos que, se é caso, estableza a programación anual para a actividade de que se trate.

Unha vez concluído o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia resolverá sobre as inscricións solicitadas, mediante decreto que non será obxecto de notificación individualizada, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense.

2. A Presidencia, de oficio, e trala tramitación previa do expediente contradictorio con audiencia dos interesados, poderá declarar a baixa forzosa dos usuarios que vulneren as normas básicas de convivencia no desenvolvemento das accións ou de calquera xeito perturben o seu normal funcionamento.

3. Os interesados poderán, en calquera momento, causar baixa voluntaria en calquera acción na que participen, comunicándollo á Dirección da Escola.

4. A baixa nas accións nas que participen os usuarios non dará dereito á devolución dos prezos públicos aboados en concepto de matrícula, nin aos correspondentes aos servizos xa prestados ou aos servizos correspondentes ao período de facturación no que se produza a dita baixa.

5. No non previsto nesta ordenanza serán de aplicación as previsións que estableza a programación anual e, no seu defecto, as normas xerais de procedemento administrativo común.

Disposición derradeira

Esta ordenanza entrará en vigor a partir do décimo quinto día hábil contado a partir do día seguinte ao da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Segundo: De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei de bases do réxime local, someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública e audiencia dos interesados, polo prazo dos trinta (30) días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio no BOP, realizándose igualmente a pertinente publicación no taboleiro da sede electrónica da Deputación Provincial. Durante o expresado prazo poderán presentarse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, que serán resoltas pola Corporación Provincial, coa aprobación definitiva, se é o caso, da ordenanza. Se non se presentan reclamacións ou suxestións entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional adoptado.

5º.- APROBACIÓN DA DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DO EJERCICIO DAS COMPETENCIAS DE XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN EN VOLUNTARIA E EXECUTIVA E REVISIÓN DE ACTOS DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO CONCELLO DE XUNQUEIRA DE ESPADANEDO (EXPTE. Nº 2025/16521A).

D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aceptar a delegación de competencias efectuada polo concello de Xunqueira de Espadanedo a favor da Deputación Provincial, mediante acordo plenario de data 23 de maio de 2025, para a xestión tributaria, liquidación, inspección e recadación voluntaria e executiva, así como a revisión dos actos ditados do imposto sobre vehículos de tracción mecánica nas mesmas condicións que o resto de tributos que xa ten delegados, sendo en todo caso de aplicación as seguintes condicións xerais:
 - a) O contido da delegación abranguerá o exercicio de todas as facultades necesarias para a realización da xestión tributaria, liquidación e recadación voluntaria e executiva, ditando todos os actos administrativos necesarios para a xestión dos ditos procedementos, incluída a emisión da providencia de constrinximento e resolución dos recursos administrativos contra os actos de recadación executiva.
 - b) Para o exercicio da competencia delegada o concello debería remitir as oportunas certificacións da relación de debedores dos últimos catro anos para os

efectos de poder iniciar a recadación en executiva, así como, en relación ás débedas anteriores aos últimos catro anos certificación de que as débedas non están prescritas e indicará as diferentes datas de notificación da débeda en executiva, en relación ao tributo ou ingreso de dereito público ao que se refire.

- c) A taxa para satisfacer polo concello pola prestación do servizo de recadación en voluntaria será a resultante de aplicarles ás cantidades efectivamente recadadas de padróns, liquidacións, altas e outros ingresos non periódicos o tipo de gravame único do 5% e a taxa pola prestación do servizo de recadación en período executivo será o 100% da recarga de constrinximento que debe pagar o debedor tributario, conforme co establecido no artigo 6, apartados a) e b) da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de xestión, inspección e recadación da Deputación Provincial de Ourense. A Deputación deducirá da transferencia do importe recadado a cantidade correspondente á taxa liquidada, sen prexuízo da notificación da dita liquidación na forma prevista no artigo 9 da Ordenanza fiscal.
- d) A presente delegación entrará en vigor unha vez aceptada pola Deputación Provincial, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia para xeral coñecemento. A presente delegación estará vixente por un período de catro anos, prorrogándose tacitamente por períodos iguais de catro anos se ningunha das partes manifesta expresamente a súa vontade en contra, comunicándoo á outra cunha antelación non inferior a 6 meses á súa finalización ou á de calquera dos períodos de prórroga.

6º.- EXPEDIENTE NÚMERO 6/2025 DE MODIFICACIÓN DO ANEXO IV DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (EXPTE. Nº 2025/16443V).

D.^a Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (7) e de Democracia Ourensana (3) e a abstención do BNG (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente número 6/2025 de modificación do Anexo IV das bases de execución do orzamento vixente da Deputación Provincial de Ourense, do seguinte xeito:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 “Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos ”** no **expediente de modificación número 4/2025** dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello da Veiga** para “**Cofinanciamento do Centro Cultural**” pola cantidade de 125.000,00 euros.

En base a solicitude asinada polo Alcalde do concello da Veiga na data 13 de maio de 2025 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día comunicando que vista a necesidade urxente de realizar un investimento nas estradas municipais debido ao mal estado do firme e ás numerosas deficiencias sobrevidas consecuencia do período de choivas tan extenso que se está a sufrir neste ano, solicita a ser posible, o cambio da finalidade da mesma.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio da finalidade** da subvención quedando da seguinte maneira:

CONCELLO DA VEIGA

FINALIDADE	IMPORTE
Aportación de materiais para reparación de estradas municipais (Corexido-Prada, Corzos-Valdín-Seoane e Lamalonga- Edreira)	125.000,00 €

b) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 “Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos ”** no **expediente de modificación número 4/2025** dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Vilardevós** para “**Humanización núcleo de Vilardevós**” pola cantidade de 50.000,00 euros.

En base a solicitude asinada pola Alcaldesa do concello de Vilardevós na data 06 de maio de 2025 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día

comunicando que é necesaria a modificación do título do proxecto, ampliando os núcleos obxecto da subvención, sen alterar o importe total do orzamento.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio da finalidade** da subvención quedando da seguinte maneira:

CONCELLO DE VILARDEVÓS

FINALIDADE	IMPORTE
Humanización en núcleos de Vilardevós e de A Trave	50.000,00 €

c) Con cargo á aplicación orzamentaria **23111/78099 “ Acción social. Subvención nominativa de capital a familias e institucións sen ánimo de lucro”** no expediente de modificación número **3/2025** dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa á Asociación enfermos Alzheimer de Ourense (AFAOR) para “ **Ampliación instalacións actuais**” pola cantidade de 50.000,00 euros.

Unha vez revisada a documentación aportada pola entidade , é necesaria a modificación do título do proxecto, engadindo os exercicios aos que se refire a subvención , sen alterar o importe total do orzamento.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio da finalidade** da subvención quedando da seguinte maneira,

ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER DE OURENSE (AFAOR)

FINALIDADE	IMPORTE
Ampliación instalacións actuais 2023-2024	50.000,00 €

d) Con cargo á aplicación orzamentaria **43300/78099 “. Desenvolvemento empresarial. Subvención nominativa de capital a familias e institucións sen ánimo de lucro”** no expediente de modificación número **3/2025** dos orzamentos para o

exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa o Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas **para “ Equipamento para sede”** pola cantidade de 20.000,00 euros.

En base a solicitude asinada polo presidente do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Ourense na data 06 de xuño de 2025 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día comunicando que é necesaria a modificación da finalidade da subvención inicialmente prevista tras unha análise das necesidades actuais e prioritarias da entidade colexial , sen alterar o importe total do orzamento.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio da finalidade** da subvención quedando da seguinte maneira:

COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS

FINALIDADE	IMPORTE
Equipamento informático – programa de visado	20.000,00 €

e) Con cargo á aplicación orzamentaria **43300/48099 “. Desenvolvemento empresarial. Subvención nominativa a familias e institucións sen ánimo de lucro”** no **expediente de modificación número 3/2025** dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa a “Asociación de Instaladores Eléctricos y de Telecomunicaciones de Ourense e provincia” **para “ accións e campañas de promoción”** pola cantidade de 2.000,00 euros.

Unha vez recibida a documentación solicitada para os trámites previos a concesión da subvención, detéctase un erro no nome do destinatario da subvención sendo necesario modificalo , sen alterar o importe total do orzamento.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio do beneficiario** da subvención quedando da seguinte maneira:

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Asociación autónoma de empresarios de instalacións y reparacións.	Accións e campañas de promocións	2.000,00 €

f) Con cargo á aplicación orzamentaria **34111/48099 “. Promoción e fomento do deporte. Subvención nominativa a familias e institucións sen ánimo de lucro”** no expediente de modificación número **3/2025** dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa a “ Asociación BTT Provincial ” para “ **Campionato provincial BTT Deputación de Ourense**” pola cantidade de 12.000,00 euros.

En base a solicitude asinada polo seu representante na data 06 de xuño de 2025, e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, comunicando que existe un erro no nome do beneficiario de dita subvención, sen alterar o importe total do orzamento.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio do beneficiario** da subvención quedando da seguinte maneira,

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Clube Ciclista Resistencia Ourense	Campionato provincial BTT D	12.000,00 €

g) Con cargo á aplicación orzamentaria **23111/48099 “. Acción social. Subvención nominativa a familias e institucións sen ánimo de lucro”** no expediente de modificación número **3/2025** dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa a “Agrupación de voluntarios de Protección Civil” para **Xornada AVPC e actos de promoción do voluntariado**” pola cantidade de 20.000,00 euros.

Unha vez recibida a documentación solicitada para os trámites previos a concesión da subvención, detéctase que existe un erro no nome do destinatario da subvención sendo necesario modificalo , sen alterar o importe total do orzamento.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio do beneficiario** da subvención quedando da seguinte maneira:

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Asociación Provincial de Agrupación de Voluntarios de protección civil de Ourense e provincia.	Xornada AVPC e actos de promoción do voluntariado	20.000,00 €

h) Con cargo á aplicación orzamentaria 34111/48099 “. Promoción e fomento do deporte. Subvención nominativa a familias e institucións sen ánimo de lucro” no expediente de modificación número 3/2025 dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa a “ Raid Gallaecia ” para “ World series copa del mundo de aventura” pola cantidade de 25.000,00 euros.

En base a solicitude asinada polo seu representante na data 02 de xuño de 2025, e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, comunicando que existe un erro no nome do beneficiario de dita subvención, sen alterar o importe total do orzamento.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio do beneficiario** da subvención quedando da seguinte maneira,

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Marmar Outdoor, S.L.U.	World series copa del mundo de aventura	25.000,00 €

i) Con cargo á aplicación orzamentaria **33420/48099 “. Actividades culturais e recreativas. Subvención nominativa a familias e institucións sen ánimo de lucro”** no **expediente de modificación número 3/2025** dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa a “ Festival Ficar de Entrimo ” **para “ Gastos de funcionamento”** pola cantidade de 1.500,00 euros.

Unha vez recibida a documentación solicitada para os trámites previos a concesión da subvención, detéctase que existe un erro no nome do destinatario da subvención sendo necesario modificalo , sen alterar o importe total do orzamento.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio do beneficiario** da subvención quedando da seguinte maneira:

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Bolboretas Gestión Cultural, S.C.	Gastos de funcionamento	1.500,00 €

j) Con cargo á aplicación orzamentaria **34111/48099 “. Promoción e fomento do deporte. Subvención nominativa a familias e institucións sen ánimo de lucro”** no **expediente de modificación número 3/2025** dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa a “ Auria ” **para “ Proxecto e fomento interactivo”** pola cantidade de 8.000,00 euros.

Unha vez recibida a documentación solicitada para os trámites previos a concesión da subvención, detéctase que é necesario concretar e detallar o nome completo do destinatario da subvención, sen alterar o importe total do orzamento.

Polo exposto anteriormente, **proponse concretar o nome do beneficiario** da subvención quedando da seguinte maneira:

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
--------------	------------	---------

Asociación Technologies.	Estudiantil Auria	Proxecto e fomento interactivo	8.000,00 €
-------------------------------------	------------------------------	-----------------------------------	------------

k) Con cargo á aplicación orzamentaria **33420/48099 “.** **Actividades culturais e recreativas. Subvención nominativa a familias e institucións sen ánimo de lucro”** no **expediente de modificación número 3/2025** dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa a “Agrupación interese económico Ribeira Sacra Next ” **para “ Actividades agrupación”** pola cantidade de 15.000,00 euros.

En base a solicitude asinada polo seu representante na data 09 de xuño de 2025, e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, comunicando que existe un cambio de forma xurídica da citada agrupación polo que solicita o cambio para a nova entidade de dita subvención, sen alterar o importe total do orzamento.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio do beneficiario** da subvención quedando da seguinte maneira:

BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE
Asociación de empresarios Ribeira Sacra Next.	Actividades agrupación	15.000,00 €

l) Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.99 “Cooperación provincial. Subvencións nominativas de capital a concellos ”** no **expediente de modificación número 4/2025** dos orzamentos para o exercicio 2025 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello da Xoán de Río** para **“reforma das dependencias municipais”** pola cantidade de 50.000,00 euros.

En base a solicitude asinada polo alcalde do Concello de San Xoán de Río na data 5 de xuño de 2025 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, na que solicita, a ser posible, a modificación do obxecto da subvención para o cofinanciamento de dúas obras.

Polo exposto anteriormente, **proponse o cambio da finalidade** da subvención quedando da seguinte maneira:

CONCELLO DE SAN XOÁN DE RÍO

FINALIDADE	IMPORTE
Cofinanciamento das obras de mellora do ximnasio municipal de San Xoán de Río. (Procedemento PR486A. Subvención concedida pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes – Dirección Xeral de Admón. Local)	40.000,00 €
Cofinanciación das obras de acondicionamento de cuberta e fachada do Concello e acondicionamento de fontes (Procedemento MT402B. Subvención concedida pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático – Instituto de Estudos do Territorio)	10.000,00 €

Estes cambios non implican un cambio cuantitativo no orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense.

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

7º.- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE INFANCIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA PARA O EXERCICIO 2025 (EXPT. Nº 2025/16405W).

O debate dos puntos 7º, 8º e 9º realízase conxuntamente, sen prexuízo da votación separada.

D.ª Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (12), do BNG (3) e de Democracia Ourensana (3) e a abstención do Grupo Socialista (7), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa de cooperación BenOurense Infancia para a concesión de subvencións para servizos complementarios de atención á infancia para o exercicio 2025, co seguinte teor literal:

Primeira.- Obxecto da subvención:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións do Programa “BenOurense Infancia- Servizos Complementarios” en réxime de concorrência non competitiva, destinadas ás corporacións locais para o mantemento dos “Servizos Complementarios de atención á infancia”.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese como servizo complementario de atención á infancia, aqueles servizos de titularidade municipal, que por xestión directa ou indirecta e en xornada diúrna, desenvolven funcións de atención e coidado fóra da xornada ordinaria dos centros escolares para nenos e nenas entre 3 e 12 anos actuando como soporte e apoio as familias e contribuíndo á conciliación da vida laboral e familiar.

A través deste programa a Deputación subvencionará gastos de persoal, gasto de mantemento dos centros e demais gastos inherentes aos servizos prestados dentro do servizo complementario.

Para as subvencións concedidas nesta acción, resérvase crédito na aplicación 23111/46201 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025, por importe de 135.000,00€ (cento trinta e cinco mil euros).

Segunda.- Entidades beneficiarias.

Poderán obter subvención as corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, da provincia de Ourense, que contén cun centro que reúna as seguintes condicións:

- Que teñan en funcionamento un servizo complementario da súa titularidade, xestionado de forma directa ou indirecta, que organicen o coidado dos nenos e nenas no seo dun grupo coa finalidade de contribuír ao seu benestar e

favorecer a conciliación laboral e familiar mediante a garda e custodia dos menores, funcione baixo un calendario coñecido e sistemático, con reserva de praza previa e unha regulación para a cobertura das prazas.

- Que estes centros presten servizos, cando menos, 5 días da semana durante 6 meses ao ano, coa finalidade de adaptar o seu calendario de apertura ás necesidades de conciliación da vida laboral e familiar dos pais/nais ou representantes legais dos nenos, excepto aqueles días sinalados como festivos no calendario laboral.
- Tamén poderán subvencionarse os servizos complementarios que se poñan en funcionamento para facilitar a conciliación laboral e familiar durante as vacacións escolares dos menores, que deberán prestar servizos 5 días á semana durante, como mínimo 1 mes, e cun horario amplo que permita dita conciliación.

Quedan expresamente excluídos desta consideración servizos exclusivos de ludoteca, actividades de formación/capacitación complementarias á escolar e desenvolvidas no curso escolar (actividades extraescolares), actividades deportivas ou de ocio realizadas polo concello durante o curso escolar, e outras de natureza análoga ás anteriores.

Terceira.- Contía das subvencións

O importe da subvención obterase da realización dos seguintes cálculos:

- a) Cada concello de menos de 20.000 habitantes terase en conta a clasificación, en graos, que lle corresponde segundo os criterios do anexo I e, de forma que os concellos sen prioridade demográfica presentan menor risco demográfico que os de grao 1, este menor risco demográfico que os de grao 2, sendo o de maior risco demográfico os de grao 3. Cada grao ten atribuído un “coeficiente de ponderación” (en diante CP), así, para os concellos sen prioridade demográfica e os de grao 1 o coeficiente é 1, para o grao 2 o coeficiente é 1.25 e para o grao 3 o coeficiente é 1.5. Recóllese no anexo II a clasificación en graos de todos os concellos da provincia e o CP que lle corresponde a cada un.
- b) Obterase o sumatorio global dos CP dos concellos que soliciten esta subvención e teñan dereito a ela, e dividirase a contía global da subvención entre o sumatorio obtido.

- c) Para obter a contía concreta da subvención que lle corresponde a cada concello solicitante, multiplicarase a contía obtida en aplicación do expresado no parágrafo b) polo CP que lle corresponde ao concello concreto.

De forma gráfica o cálculo farase da forma seguinte:

- Sumatorio dos CP de todos os concellos solicitantes = “ **C**”
- División da contía total da subvención: 135.000,00 / “C” = “**R**”.

Para concretar a contía de subvención que lle corresponde a cada concello farase o cálculo seguinte:

CP da entidade solicitante x “**R**”= subvención que lle corresponde.

Cuarta.- Procedemento de adhesión dos concellos.

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Os concellos interesados en participar deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, e unha declaración responsable doutras axudas e subvencións concedidas para o mesmo servizo pola Deputación de Ourense, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos que se porán a disposición pola Área de Benestar, que deberán asinar dixitalmente o/a alcalde/esa, presidenta/e ou secretaria/o da entidade local e presentaranse no Rexistro da Deputación de Ourense.

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do extracto desta convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Área de Benestar procederá á instrución do expediente e realizará a comprobación da documentación presentada.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente programa ou no modelo de adhesión ou teñan declarado o recoñecemento doutra subvención incompatible coa prevista neste Programa.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no programa.

Quinta.- Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente programa.

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas no presente programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

Sexta.- Tramitación das subvencións previstas neste Programa. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro.

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas conforme o descrito nestas bases, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

1. Pagamento anticipado do 80% sobre o máximo de subvención previsto para cada concello.

Antes do 30 de setembro de 2025, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento do 80% do importe máximo de subvención previsto a cada concello. O importe restante librarase unha vez realizada a xustificación final por parte da entidade local.

Para proceder ao libramento da subvención, tanto na fase de anticipo como na de pago final, as entidades locais beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo III que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

2. Xustificación e pagamento final.

Ata o 30 de novembro de 2025 (inclusive) as entidades locais beneficiarias poderán presentar a documentación xustificativa da subvención concedida asinada dixitalmente e segundo os formularios que lle indique a Área de Benestar da Deputación. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable.

Para o libramento da subvención as entidades beneficiarias deberán xustificar a execución do(s) proxecto(s) subvencionado(s) durante o exercicio 2025, facendo uso dos seguintes formularios normalizados:

- a) Memoria da execución do proxecto subvencionado.
- b) Relación de documentos xustificativos dos gastos. No caso de presentarse facturas admitiranse as facturas completas ou simplificadas sempre que conste nelas o CIF do/a destinatario/a.
- c) Certificación expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria da realización dos gastos correspondentes ao proxecto e dos copagos das persoas usuarias do servizo.
- d) Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.
- e) Declaración das medidas de difusión da subvención concedida.

Á documentación anterior engadiránselle as mostras gráficas das medidas de información e publicidade adoptadas pola entidade local, de acordo co establecido na base décima.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de

procedementos xudiciais. Polo exposto, a xustificación non poderá incluír os referidos gastos.

Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2025, obxecto da presente convocatoria.

A subvención concedida xunto cos copagamento das persoas usuarias do servizo non poderán superar o 100% do custo do servizo. De ser este o caso, a subvención minorarase na contía precisa para que non supere esta porcentaxe.

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente ao 20% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

En aplicación ao previsto no artigo 71 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, cando se aprecien defectos subsanables na documentación de xustificación, porase en coñecemento do beneficiarios concedéndoselle un prazo de dez días para a súa corrección.

As notificación das resolucións ditadas pola Presidencia correspondentes ao pagamento anticipado e de xustificación e pagamento final serán substituídas pola súa publicación na sede electrónica da Deputación de Ourense.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa. Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificados polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste suposto, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda.

Sétima- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas.

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense para a mesma finalidade e igual exercicio orzamentario.

Oitava- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude.

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa do Progreso, n.º 32, 32003 Ourense, teléfono de contacto 988 317 600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.gal.

b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos do seu contacto ou reclamacións, atópase dispoñible no correo electrónico: dpd@depourense.gal.

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación.

Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.benourense.depourense.gal

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os sos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación
- Aos membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.
- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Novena .- Control financeiro das subvencións.

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas neste programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo do exercicio 2025. O control financeiro incluírá a actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo á prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa e realizarase de conformidade co

disposto na base 83 do orzamento xeral para o ano 2025 da Deputación Provincial de Ourense.

Décima.- Obrigas das entidades locais adheridas.

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1.- Promover e levar a cabo accións/actuacións de sensibilización e prevención en saúde mental e de promoción da igualdade entre homes e mulleres, dirixidas ás nenas e nenos que acudan ao servizo complementario de atención á infancia subvencionado.

Estas actuacións deberán ter unha duración mínima de 2 horas e ter un contido deseñado e axustado á idade do público obxectivo ao que vai dirixido.

As accións realizadas recolleranse na memoria de execución na fase de xustificación.

2.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais obxecto de subvención, que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

3.- A identificar o servizo cofinanciado pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. As entidades beneficiarias no momento da xustificación da subvención deberán remitirle á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo como cofinanciado pola Deputación e que responderá ás normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

ANEXO I:

CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO E CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

A FEMP elaborou, en abril de 2017, o “Documento de acción da Comisión de despoboamento: listaxe de medidas de loita contra este fenómeno demográfico”, recolléndose neste documento, nas súas consideracións previas, que “a regresión demográfica converteuse nun problema de Estado e como tal ten que respondérselle dende unha perspectiva de gobernanza multinivel que, na práctica, comporta a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas fronte de acción”.

O citado documento enumera as “catro figuras” que poden explicar os desafíos demográficos aos que hai que enfrontarse multidimensional e multiescalarmente:

- A baixa densidade,
- O envellecemento,
- A caída da natalidade e
- A perda continuada da poboación.

Desde a FEMP propónse unha rigorosa formulación de medidas prácticas que incorporen a loita contra o despoboamento como un principio para ter en conta en todos os plans e liñas de acción das administracións públicas.

A “Comisión de despoboamento” da FEMP, que desde a súa constitución en 2016 vén reclamando a adopción dunha Estratexia Nacional contra o despoboamento, pide que se reforce o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, como entidades de referencia e liderado nas políticas de sostemento e atención á poboación rural, intensificando a orientación das políticas das deputacións cara á corrección de desequilibrios demográficos no seu ámbito territorial, mediante a garantía dos servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.

Seguindo esta formulación, a Deputación Provincial de Ourense ten creado dentro da súa estrutura política a Área de Reto Demográfico, Igualdade e Políticas Sociais, e dentro da súa organización administrativa a Área de Benestar, coas funcións de impulso e execución das políticas provinciais nos referidos eidos, respectivamente.

Deste xeito, dende o exercicio 2019, por estas áreas vense establecendo unha clasificación dos concellos de Ourense, en aplicación aos criterios de reto demográfico que neste documento se recollen, coa finalidade de que os mesmos sexan aplicados a

todos os programas de cooperación coas entidades locais da provincia e bases reguladoras de subvencións que as referidas áreas promovan durante o exercicio 2025.

1. DATOS OFICIAIS EMPREGADOS

Para garantir o estrito cumprimento dos principios de obxectividade e transparencia, a continuación indícanse os rexistros oficiais que se empregan para a aplicación da perspectiva do reto demográfico e a clasificación dos concellos nos graos que se indicarán.

DATO	REXISTRO OFICIAL	ENLACE	DATA
Inclusión nunha área urbana	Atlas estatístico das áreas urbanas de España do ministerio do Interior	https://www.mivau.gob.es/urbanismo-y-suelo/suelo/atlas-estadistico-de-las-areas-urbanas	Decembro de 2023
Poboación oficial	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Publicado: 13/12/2024
Variación da poboación (2014-2023)	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Publicado: 13/12/2024. Elaboración propia a partir dos datos oficiais do INE
Superficie do termo municipal	IGE	http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=es&paxina=000&c=-1&ruta=verEjesApi.jsp?COD=77&M=&S=&RET=	2011
Densidade de poboación	INE/IGE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Poboación INE 2023- Superficie IGE 2011. Elaboración propia calculada cos datos do INE para poboación e do IGE para superficie
Índice de envellecement o	INE/IGE	https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=5310&p	Elaboración Propia con datos de Poboación de 2023 (publicados o 03/05/2024, que son os dispoñíbles segmentados por idade e por concello)
Taxa de natalidade	IGE	http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=227&paxina=001&c=0201002001	Elaboración Propia con datos de nacementos segundo sexo por concellos anos 2021-2022 e 2023 que son os definitivos a 03/05/2024

2. CLASIFICACIÓN INICIAL DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

a) Clasificación Primaria dos Concellos da Provincia de Ourense.

1. Sen Prioridade Demográfica: estarán incluídos dentro desta clasificación aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Estar incluídos nunha área urbana, en aplicación ao “atlas estatístico das áreas urbanas de España: Áreas Urbanas de España 2024” publicada polo anteriormente chamado Ministerio de Fomento, actualmente Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.
- Ter máis de 10.000 habitantes.
- Ter entre 5.000 e 10.000 habitantes, e gañar poboación na última década

2. Con Prioridade Demográfica: estarán incluídos dentro desta clasificación os concellos non incluídos nunha área urbana en aplicación ao atlas estatístico e nos que concorran ademais, algunha das seguintes características:

- Ter unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que perderan poboación na última década.

b) Clasificación Secundaria dos Concellos da Provincia de Ourense

Aqueles concellos que, na clasificación primaria sexan considerados “**con prioridade demográfica**”, obterán un GRAO. Os graos son: **Grao 1, Grao 2 e Grao 3**, onde o Grao 1 será o de menor intensidade e o Grao 3 o de maior intensidade.

Os concellos incluídos na clasificación “**sen prioridade demográfica**”, obterán un **Grao 0**.

3. APLICACIÓN DOS CRITERIOS PARA DETERMINAR A “PRIORIDADE DEMOGRÁFICA” DOS CONCELLOS

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia, son os seguintes:

1.- Poboación

Os concellos clasificaranse en:

- Ata 1.000 habitantes.
- De 1001 a 5.000 habitantes
- De 5001 a 10.000 habitantes

- De 10.001 a 20.000 habitantes

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación INE do ano 2024.

2.- Situación Xeográfica

Establécese unha diferenza entre:

- Concellos pertencentes a “áreas urbanas” do atlas estatístico das áreas urbanas. Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do atlas estatístico das áreas urbanas .

3.- Perda da poboación.

Diferéncianse entre:

- Concellos que gañaron poboación na década 2014-2023.
- Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na década 2014-2023.
- Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na década 2014-2023
- Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación última década 2014-2023.
- Concello que perderon un 20% ou máis de poboación na década 2014-2023

4.- Densidade demográfica municipal

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

En atención a este criterio a clasificación será:

- Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km² .
- Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km² e menor a 15 habitantes/km².
- Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km² e menor a 20 habitantes/km²
- Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km²

5.- Índice de envellecemento

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo cifras de poboación publicadas polo INE e referidas ao

ano 2023¹ (Trátase dos últimos definitivos publicados polo INE segmentados por idades e concellos á data de redacción deste documento), e as persoas menores de 15 anos, e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice.

Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.
- Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

6.- Taxa de natalidade

Esta taxa obterase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos segundo os datos publicados polo IGE e referidos aos anos 2021,2022,2023² (Trátase dos últimos datos definitivos publicados polo IGE neste concepto segmentados por idades e concellos), en atención ao que os concellos clasificaranse en:

- Taxa inferior a 2
- Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3
- Taxa igual ou superior a 3

4. CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS: SEN / CON PRIORIDADE DEMOGRÁFICA E GRAO 0 / 1 / 2 / 3

En aplicación dos criterios indicados nos apartados anteriores, os concellos obterán unha das dúas posibles clasificacións:

1. Sen prioridade demográfica

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica”, aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

- Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

2. Con prioridade demográfica

¹ Trátase dos últimos definitivos publicados polo INE segmentados por idades e concellos á data de redacción deste documento.

² Trátase dos últimos datos definitivos publicados polo IGE neste concepto segmentados por idades e concellos.

Aqueles concellos non clasificados como “sen prioridade demográfica” serán considerados como “con prioridade demográfica”, e, serán os que obteñan a clasificación en GRAO en aplicación aos criterios seguintes:

GRAO 1

Serán considerado como GRAO 1 aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en GRAO 1.

Para ser clasificado de Grao 2 ou de Grao 3, terán, ademais de ser considerados “ con prioridade demográfica”, ou grao 1, cumprir as condicións do Grao 2, ou do Grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, considerarásele sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

GRAO 2

Concellos Con prioridade demográfica , que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdese entre un 15% e un 20% da súa poboación.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km² e inferior a 15 habitantes/km²
- Concellos de menos de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750 .
- Concellos de menos de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km²
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.

- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

GRAO 3

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpre algunha das circunstancias seguintes:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2014-2023 maior ao 20%
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km².
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2013-2023 maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais cúmprese algunha das seguintes características:
 - Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ó
 - Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

ANEXO II:

Clasificación de concellos “prioridade demográfica”

	CONCELLO	Clasificación prioridade demográfica	Coeficiente Ponderación
1	Allariz	sen prioridade	1
2	Amoeiro	Grao 1	1
3	Arnoia, A	Grao 1	1
4	Avión	Grao 2	1,25
5	Baltar	Grao 3	1,5
6	Bande	Grao 2	1,25
7	Baños de Molgas	Grao 1	1
8	Barbadás	sen prioridade	1
9	Barco de Valdeorras, O	sen prioridade	1
10	Beade	Grao 3	1,5
11	Beariz	Grao 2	1,25
12	Blancos, Os	Grao 3	1,5
13	Boborás	Grao 2	1,25
14	Bola, A	Grao 2	1,25
15	Bolo, O	Grao 3	1,5

16	Calvos de Randín	Grao 3	1,5
17	Carballeda de Avia	Grao 2	1,25
18	Carballeda de Valdeorras	Grao 2	1,25
19	Carballiño, O	sen prioridade	1
20	Cartelle	Grao 2	1,25
21	Castrelo de Miño	Grao 2	1,25
22	Castrelo do Val	Grao 3	1,5
23	Castro Caldelas	Grao 2	1,25
24	Celanova	sen prioridade	1
25	Cenlle	Grao 1	1
26	Chandreja de Queixa	Grao 3	1,5
27	Coles	Grao 1	1
28	Cortegada	Grao 1	1
29	Cualedro	Grao 2	1,25
30	Entrimo	Grao 2	1,25
31	Esgos	Grao 1	1
32	Gomesende	Grao 3	1,5
33	Gudiña, A	Grao 2	1,25
34	Irixo, O	Grao 2	1,25
35	Larouco	Grao 3	1,5
36	Laza	Grao 2	1,25
37	Leiro	Grao 1	1
38	Lobeira	Grao 3	1,5
39	Lobios	Grao 2	1,25
40	Maceda	Grao 1	1
41	Manzaneda	Grao 3	1,5
42	Maside	Grao 2	1,25
43	Melón	Grao 2	1,25
44	Merca, A	Grao 1	1
45	Mezquita, A	Grao 2	1,25
46	Montederramo	Grao 3	1,5
47	Monterrei	Grao 2	1,25
48	Muíños	Grao 2	1,25
49	Nogueira de Ramuín	Grao 1	1
50	Oímbra	Grao 1	1

51	Ourense	sen prioridade	1
52	Paderne de Allariz	Grao 1	1
53	Padrenda	Grao 2	1,25
54	Parada de Sil	Grao 3	1,5
55	Pereiro de Aguiar	sen prioridade	1
56	Peroxa, A	Grao 1	1
57	Petín	Grao 1	1
58	Piñor	Grao 2	1,25
59	Pobra de Trives, A	Grao 1	1
60	Pontedeva	Grao 3	1,5
61	Porqueira	Grao 2	1,25
62	Punxín	Grao 1	1
63	Quintela de Leirado	Grao 3	1,5
64	Rairiz de Veiga	Grao 2	1,25
65	Ramirás	Grao 2	1,25
66	Ribadavia	Grao 1	1
67	Riós	Grao 2	1,25
68	Rúa, A	Grao 1	1
69	Rubiá	Grao 2	1,25
70	San Amaro	Grao 2	1,25
71	San Cibrao das Viñas	sen prioridade	1
72	San Cristovo de Cea	Grao 2	1,25
73	San Xoán de Río	Grao 3	1,5
74	Sandiás	Grao 2	1,25
75	Sarreaus	Grao 2	1,25
76	Taboadela	Grao 1	1
77	Teixeira, A	Grao 3	1,5
78	Toén	Grao 1	1
79	Trasmiras	Grao 2	1,25
80	Veiga, A	Grao 3	1,5
81	Verea	Grao 3	1,5
82	Verín	sen prioridade	1
83	Viana do Bolo	Grao 2	1,25
84	Vilamarín	Grao 1	1
85	Vilamartín de Valdeorras	Grao 1	1

86	Vilar de Barrio	Grao 2	1,25
87	Vilar de Santos	Grao 1	1
88	Vilardevós	Grao 2	1,25
89	Vilariño de Conso	Grao 3	1,5
90	Xinzo de Limia	Grao 1	1
91	Xunqueira de Ambía	Grao 2	1,25
92	Xunqueira de Espadanedo	Grao 3	1,5

ANEXO III:

Declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións e de estar ao corrente das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e no pago de obrigacións por reintegro de subvencións

Don/Dona.....,
NIF....., en nome propio, ou en representación da entidade con NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao abeiro do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **declara responsablemente** ante a Deputación Provincial de Ourense, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao cobro desta:

Primeiro: que non se atopa incurso en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segundo: que se atopa ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, **comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención**, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

subvenciones de Galicia, co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditarlo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano que concede a subvención.

Manifesto que quedo informado da obrigación de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidera producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración.

_____, _____ de _____ de _____

Asdo.:

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

8º.- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE INFANCIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A PUNTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA – PAI PARA O EXERCICIO 2025 (EXPT. Nº 2025/16402E).

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

O debate deste asunto tivo lugar conxuntamente co punto 7º da orde do día que está recollido no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (12), do BNG (3) e de Democracia Ourenzana (3) e a abstención do Grupo Socialista (7), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa de cooperación BenOurense Infancia para a concesión de subvencións a Puntos de Atención á Infancia- PAI para o exercicio 2025, co seguinte teor literal:

Primeira- Obxecto da subvención:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións do

Programa “**BenOurense Infancia**” en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ás corporacións locais para o mantemento dos “Puntos de Atención á Infancia (PAI)”. Para os efectos da presente convocatoria enténdese como **PAI** aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, situados en concellos de menos de 5.000 habitantes e encadrados nos servizos sociais comunitarios específicos dos concellos, que teñen por finalidade prestar apoio aos pais, nais, titores/as e gardadores/as dos nenos e nenas entre 3 meses e 3 anos e que se encontran regulados polo Decreto 329/2005, do 28 de xullo. Exceptúanse aqueles servizos xestionados polo Consorcio Galego de Benestar da Xunta de Galicia ou entidade que poida substituíla.

A través deste programa a Deputación subvencionará gastos de persoal, gastos de mantemento dos centros e demais gastos inherentes aos servizos prestados dentro do PAI.

Para as subvencións concedidas nesta acción resérvase crédito na aplicación 23111/46201 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025 por importe de 115.000,00 € (cento quince mil euros).

Segunda.- Entidades beneficiarias

Poderán obter subvención os concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia de Ourense, que teñan un PAI de titularidade municipal e que non estean xestionados polo Consorcio Galego de Benestar da Xunta de Galicia ou entidade que a substitúa.

Terceira.- Contía da subvención

O importe da subvención obterase da realización dos seguintes cálculos:

- a) Cada concello de menos de 5.000 habitantes e, por iso, con posibilidade de ter xa en funcionamento un PAI e solicitar a axuda obxecto desta convocatoria, ten unha clasificación en graos obtida pola aplicación dos criterios recollidos no anexo I, sendo o concello clasificado como “sen prioridade” o de menor risco demográfico, o grao 1 de menor risco demográfico que o grao 2, e este menor que o grao 3. Cada grao ten atribuído un “coeficiente de ponderación” (en adiante CP), así, para os concellos en grao 0 e os de grao 1 o coeficiente é 1, para o grao 2 o coeficiente é 1.25 e para o grao 3 o coeficiente é 1.5. Recóllese no anexo II a clasificación en graos de todos os concellos da provincia de menos de 5.000 habitantes e o CP que lle corresponde a cada un.

b) Obterase o sumatorio global dos CP dos concellos que soliciten esta subvención e teñan dereito a ela, e dividirase a contía global da subvención entre o sumatorio obtido.

c) Para obter a contía concreta da subvención que lle corresponde a cada concello solicitante, multiplicarase a contía obtida en aplicación do expresado no parágrafo b) polo CP que lle corresponde ao concello concreto.

De forma gráfica o cálculo farase da forma seguinte:

- Sumatorio dos CP de todos os concellos solicitantes = “C”
- División da contía total da subvención: 115.000,00 / “C” = “R”.

Para concretar a contía de subvención que lle corresponde a cada concello farase o cálculo seguinte: **CP da entidade solicitante x “R”= subvención que lle corresponde.**

Cuarta.- Procedemento de adhesión dos concellos

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Os concellos interesados en participar deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, e unha declaración responsable doutras axudas e subvencións concedidas para o mesmo servizo pola Deputación de Ourense, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos que se porán a disposición pola Área de Benestar, que deberán asinar dixitalmente o/a alcalde/esa, presidenta/e ou secretaria/o da entidade local e presentaranse no Rexistro da Deputación de Ourense.

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do extracto desta convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Área de Benestar procederá á instrución do expediente e realizará a comprobación da documentación presentada.

Unha vez examinada a documentación, a Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP e na sede electrónica da Deputación de Ourense. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente programa ou no modelo de adhesión ou teñan declarado o recoñecemento doutra subvención incompatible coa prevista neste Programa.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no programa.

Quinta.- Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente programa

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas neste programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

Sexta.- Tramitación das subvencións previstas neste Programa. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro

As subvencións previstas neste programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas conforme o descrito nestas bases, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

1. Pagamento anticipado do 80% sobre o máximo de subvención previsto para cada concello.

Antes do 30 de setembro de 2025, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento do 80% do importe máximo de subvención previsto a cada concello. O importe restante librarase unha vez realizada a xustificación final por parte da entidade local.

Para proceder ao libramento da subvención, tanto na fase de anticipo como na de pago final, as entidades locais beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incursas nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo III que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

1. Xustificación e pagamento final.

Ata o 30 de novembro de 2025 (inclusive) as entidades locais beneficiarias poderán presentar a documentación xustificativa da subvención concedida asinada dixitalmente e segundo os formularios que lle indique a Área de Benestar da Deputación. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable.

Para o libramento da subvención as entidades beneficiarias deberán xustificar a execución do(s) proxecto(s) subvencionado(s) durante o exercicio 2025, facendo uso dos seguintes formularios normalizados:

- a. Memoria da execución do proxecto subvencionado.
- b. Relación de documentos xustificativos dos gastos. No caso de presentarse facturas admitiranse as facturas completas ou simplificadas sempre que conste nelas o CIF do destinatario/a.
- c. Certificación expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria da realización dos gastos correspondentes ao proxecto.
- d. Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.
- e. Declaración das medidas de difusión da subvención concedida.

Á documentación anterior engadiránselle as mostras gráficas das medidas de información e publicidade adoptadas pola entidade local, de acordo co establecido na base décima.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Polo exposto, a xustificación non poderá incluír os referidos gastos.

Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2025, obxecto da presente convocatoria.

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente ao 20% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

As notificación das resolucións ditadas pola Presidencia correspondentes ao pagamento anticipado e de xustificación e pagamento final serán substituídas pola súa publicación na sede electrónica da Deputación de Ourense.

En aplicación ao previsto no artigo 71 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, cando se aprecien defectos subsanables na documentación de xustificación, porase en coñecemento do beneficiarios concedéndoselle un prazo de dez días para a súa corrección.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa. Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificadas polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda.

Sétima.- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense para a mesma finalidade e o mesmo exercicio orzamentario.

Oitava- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

f) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa do Progreso, n.º 32, 32003 Ourense, teléfono de contacto 988 317 600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.gal.

g) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos do seu contacto ou reclamacións, atópase dispoñible no correo electrónico: dpd@depourense.gal.

h) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí

prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.benourense.depourense.gal

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os sos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

i) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

j) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación
- Aos membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.
- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

k) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

l) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

m) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

n) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

o) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Novena .- Control financeiro das subvencións

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas neste programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo do exercicio 2025. O control financeiro incluírá a actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo á prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa e realizarase de conformidade co

disposto na base 83 do orzamento xeral para o ano 2025 da Deputación Provincial de Ourense.

Décima.- Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais obxecto de subvención, que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

2.- A identificar o servizo cofinanciado pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. As entidades beneficiarias no momento da xustificación da subvención deberán remitirle á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo como cofinanciado pola Deputación e que responderá ás normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

ANEXO I:

CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO E CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

A FEMP elaborou, en abril de 2017, o “Documento de acción da Comisión de despoboamento: listaxe de medidas de loita contra este fenómeno demográfico”, recolléndose neste documento, nas súas consideracións previas, que “a regresión

demográfica converteuse nun problema de Estado e como tal ten que respondérselle dende unha perspectiva de gobernanza multinivel que, na práctica, comporta a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas fronte de acción”.

O citado documento enumera as “catro figuras” que poden explicar os desafíos demográficos aos que hai que enfrontarse multidimensional e multiescalarmente:

- A baixa densidade,
- O envellecemento,
- A caída da natalidade e
- A perda continuada da poboación.

Desde a FEMP propónse unha rigorosa formulación de medidas prácticas que incorporen a loita contra o despoboamento como un principio para ter en conta en todos os plans e liñas de acción das administracións públicas.

A “Comisión de despoboamento” da FEMP, que desde a súa constitución en 2016 vén reclamando a adopción dunha Estratexia Nacional contra o despoboamento, pide que se reforce o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, como entidades de referencia e liderado nas políticas de sostemento e atención á poboación rural, intensificando a orientación das políticas das deputacións cara á corrección de desequilibrios demográficos no seu ámbito territorial, mediante a garantía dos servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.

Seguindo esta formulación, a Deputación Provincial de Ourense ten creado dentro da súa estrutura política a Área de Reto Demográfico, Igualdade e Políticas Sociais, e dentro da súa organización administrativa a Área de Benestar, coas funcións de impulso e execución das políticas provinciais nos referidos eidos, respectivamente.

Deste xeito, dende o exercicio 2019, por estas áreas vense establecendo unha clasificación dos concellos de Ourense, en aplicación aos criterios de reto demográfico que neste documento se recollen, coa finalidade de que os mesmos sexan aplicados a todos os programas de cooperación coas entidades locais da provincia e bases reguladoras de subvencións que as referidas áreas promovan durante o exercicio 2025.

1. DATOS OFICIAIS EMPREGADOS

Para garantir o estrito cumprimento dos principios de obxectividade e transparencia, a continuación indícanse os rexistros oficiais que se empregan para a aplicación da

perspectiva do reto demográfico e a clasificación dos concellos nos graos que se indicarán.

DATO	REXISTRO OFICIAL	ENLACE	DATA
Inclusión nunha área urbana	Atlas estatístico das áreas urbanas de España do ministerio do Interior	https://www.mivau.gob.es/urbanismo-y-suelo/suelo/atlas-estadistico-de-las-areas-urbanas	Decembro de 2023
Poboación oficial	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Publicado: 13/12/2024
Variación da poboación (2014-2023)	INE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Publicado:13/12/2024. Elaboración propia a partir dos datos oficiais do INE
Superficie do termo municipal	IGE	http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=es&paxina=000&c=-1&ruta=verEjesApi.jsp?COD=77&M=&S=&RET=	2011
Densidade de poboación	INE/IGE	https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885	Poboación INE 2023- Superficie IGE 2011. Elaboración propia calculada cos datos do INE para poboación e do IGE para superficie
Índice de envellecement o	INE/IGE	https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=5310&p	Elaboración Propia con datos de Poboación de 2023 (publicados o 03/05/2024, que son os dispoñibles segmentados por idade e por concello)
Taxa de natalidade	IGE	http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=227&paxina=001&c=0201002001	Elaboración Propia con datos de nacementos segundo sexo por concellos anos 2021-2022 e 2023 que son os definitivos a 03/05/2024

2. CLASIFICACIÓN INICIAL DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

a) Clasificación Primaria dos Concellos da Provincia de Ourense.

1. Sen Prioridade Demográfica: estarán incluídos dentro desta clasificación aqueles concellos que cumran algunha das seguintes condicións:

- Estar incluídos nunha área urbana, en aplicación ao “atlas estatístico das áreas urbanas de España: Áreas Urbanas de España 2024” publicada polo anteriormente chamado Ministerio de Fomento, actualmente Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

- Ter máis de 10.000 habitantes.

- Ter entre 5.000 e 10.000 habitantes, e gañar poboación na última década

2. Con Prioridade Demográfica: estarán incluídos dentro desta clasificación os concellos non incluídos nunha área urbana en aplicación ao atlas estatístico e nos que concorran ademais, algunha das seguintes características:

- Ter unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes.

- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que perderan poboación na última década.

b) Clasificación Secundaria dos Concellos da Provincia de Ourense

Aqueles concellos que, na clasificación primaria sexan considerados “**con prioridade demográfica**”, obterán un GRAO. Os graos son: **Grao 1, Grao 2 e Grao 3**, onde o Grao 1 será o de menor intensidade e o Grao 3 o de maior intensidade.

Os concellos incluídos na clasificación “**sen prioridade demográfica**”, obterán un **Grao 0**.

3. APLICACIÓN DOS CRITERIOS PARA DETERMINAR A “PRIORIDADE DEMOGRÁFICA” DOS CONCELLOS

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia, son os seguintes:

1.- Poboación

Os concellos clasificaranse en:

- Ata 1.000 habitantes.
- De 1001 a 5.000 habitantes
- De 5001 a 10.000 habitantes
- De 10.001 a 20.000 habitantes

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación INE do ano 2024.

2.- Situación Xeográfica

Establécese unha diferenza entre:

- Concellos pertencentes a “áreas urbanas” do atlas estatístico das áreas urbanas. Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do atlas estatístico das áreas urbanas .

3.- Perda da poboación.

Diferéncianse entre:

- Concellos que gañaron poboación na década 2014-2023.
- Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na década 2014-2023.
- Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na década 2014-2023
- Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación última década 2014-2023.
- Concello que perderon un 20% ou máis de poboación na década 2014-2023

4.- Densidade demográfica municipal

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

En atención a este criterio a clasificación será:

- Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km² .
- Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km² e menor a 15 habitantes/km².
- Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km² e menor a 20 habitantes/km²
- Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km²

5.- Índice de envellecemento

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo cifras de poboación publicadas polo INE e referidas ao ano 2023³ (Trátase dos últimos definitivos publicados polo INE segmentados por idades e concellos á data de redacción deste documento), e as persoas menores de 15 anos, e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice.

³ Trátase dos últimos definitivos publicados polo INE segmentados por idades e concellos á data de redacción deste documento.

Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.
- Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

6.- Taxa de natalidade

Esta taxa obterase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos segundo os datos publicados polo IGE e referidos aos anos 2021,2022,2023⁴ (Trátase dos últimos datos definitivos publicados polo IGE neste concepto segmentados por idades e concellos), en atención ao que os concellos clasificaranse en:

- Taxa inferior a 2
- Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3
- Taxa igual ou superior a 3

4. CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS: SEN / CON PRIORIDADE DEMOGRÁFICA E GRAO 0 / 1 / 2 / 3

En aplicación dos criterios indicados nos apartados anteriores, os concellos obterán unha das dúas posibles clasificacións:

1. Sen prioridade demográfica

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica”, aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

- Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

2. Con prioridade demográfica

Aqueles concellos non clasificados como “sen prioridade demográfica” serán considerados como “con prioridade demográfica”, e, serán os que obteñan a clasificación en GRAO en aplicación aos criterios seguintes:

GRAO 1

Serán considerado como GRAO 1 aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

⁴ Trátase dos últimos datos definitivos publicados polo IGE neste concepto segmentados por idades e concellos.

- Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en GRAO 1.

Para ser clasificado de Grao 2 ou de Grao 3, terán, ademais de ser considerados “ con prioridade demográfica”, ou grao 1, cumprir as condicións do Grao 2, ou do Grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, consideráraselle sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

GRAO 2

Concellos Con prioridade demográfica, que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdese entre un 15% e un 20% da súa poboación.
- Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km² e inferior a 15 habitantes/km²
- Concellos de menos de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750 .
- Concellos de menos de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km²
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

GRAO 3

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpre algunha das circunstancias seguintes:

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2014-2023 maior ao 20%

- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km².
- Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2013-2023 maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais cúmprese algunha das seguintes características:
 - Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ó
 - Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

ANEXO II:

Clasificación de concellos “prioridade demográfica”

	CONCELLO	Clasificación prioridade demográfica	Coeficiente Ponderación
1	Allariz	sen prioridade	1
2	Amoeiro	Grao 1	1
3	Arnoia, A	Grao 1	1
4	Avión	Grao 2	1,25
5	Baltar	Grao 3	1,5
6	Bande	Grao 2	1,25
7	Baños de Molgas	Grao 1	1
8	Barbadás	sen prioridade	1
9	Barco de Valdeorras, O	sen prioridade	1
10	Beade	Grao 3	1,5
11	Beariz	Grao 2	1,25
12	Blancos, Os	Grao 3	1,5
13	Boborás	Grao 2	1,25
14	Bola, A	Grao 2	1,25
15	Bolo, O	Grao 3	1,5
16	Calvos de Randín	Grao 3	1,5
17	Carballeda de Avia	Grao 2	1,25
18	Carballeda de Valdeorras	Grao 2	1,25
19	Carballiño, O	sen prioridade	1
20	Cartelle	Grao 2	1,25
21	Castrelo de Miño	Grao 2	1,25
22	Castrelo do Val	Grao 3	1,5

23	Castro Caldelas	Grao 2	1,25
24	Celanova	sen prioridade	1
25	Cenlle	Grao 1	1
26	Chandreja de Queixa	Grao 3	1,5
27	Coles	Grao 1	1
28	Cortegada	Grao 1	1
29	Cualedro	Grao 2	1,25
30	Entrimo	Grao 2	1,25
31	Esgos	Grao 1	1
32	Gomesende	Grao 3	1,5
33	Gudiña, A	Grao 2	1,25
34	Irixo, O	Grao 2	1,25
35	Larouco	Grao 3	1,5
36	Laza	Grao 2	1,25
37	Leiro	Grao 1	1
38	Lobeira	Grao 3	1,5
39	Lobios	Grao 2	1,25
40	Maceda	Grao 1	1
41	Manzaneda	Grao 3	1,5
42	Maside	Grao 2	1,25
43	Melón	Grao 2	1,25
44	Merca, A	Grao 1	1
45	Mezquita, A	Grao 2	1,25
46	Montederramo	Grao 3	1,5
47	Monterrei	Grao 2	1,25
48	Muíños	Grao 2	1,25
49	Nogueira de Ramuín	Grao 1	1
50	Oímbra	Grao 1	1
51	Ourense	sen prioridade	1
52	Paderne de Allariz	Grao 1	1
53	Padrenda	Grao 2	1,25
54	Parada de Sil	Grao 3	1,5
55	Pereiro de Aguiar	sen prioridade	1
56	Peroxa, A	Grao 1	1
57	Petín	Grao 1	1

58	Piñor	Grao 2	1,25
59	Pobra de Trives, A	Grao 1	1
60	Pontedeva	Grao 3	1,5
61	Porqueira	Grao 2	1,25
62	Punxín	Grao 1	1
63	Quintela de Leirado	Grao 3	1,5
64	Rairiz de Veiga	Grao 2	1,25
65	Ramirás	Grao 2	1,25
66	Ribadavia	Grao 1	1
67	Riós	Grao 2	1,25
68	Rúa, A	Grao 1	1
69	Rubiá	Grao 2	1,25
70	San Amaro	Grao 2	1,25
71	San Cibrao das Viñas	sen prioridade	1
72	San Cristovo de Cea	Grao 2	1,25
73	San Xoán de Río	Grao 3	1,5
74	Sandiás	Grao 2	1,25
75	Sarreaus	Grao 2	1,25
76	Taboadela	Grao 1	1
77	Teixeira, A	Grao 3	1,5
78	Toén	Grao 1	1
79	Trasmiras	Grao 2	1,25
80	Veiga, A	Grao 3	1,5
81	Verea	Grao 3	1,5
82	Verín	sen prioridade	1
83	Viana do Bolo	Grao 2	1,25
84	Vilamarín	Grao 1	1
85	Vilamartín de Valdeorras	Grao 1	1
86	Vilar de Barrio	Grao 2	1,25
87	Vilar de Santos	Grao 1	1
88	Vilardevós	Grao 2	1,25
89	Vilariño de Conso	Grao 3	1,5
90	Xinzo de Limia	Grao 1	1
91	Xunqueira de Ambía	Grao 2	1,25
92	Xunqueira de Espadanedo	Grao 3	1,5

ANEXO III:

Declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións e de estar ao corrente das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e no pago de obrigacións por reintegro de subvencións

Don/Dona.....,
NIF....., en nome propio, ou en representación da
entidade con
NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao abeiro do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **declara responsablemente** ante a Deputación Provincial de Ourense, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao cobro desta:

Primeiro: que non se atopa incurso en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segundo: que se atopa ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, **comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención**, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditalo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano que concede a subvención.

Manifesto que quedo informado da obrigación de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidera producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración.

_____, _____ de _____ de _____

Asdo.:

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

9º.- APROBACIÓN INICIAL DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE PERSOAL TÉCNICO PARA O EXERCICIO 2025 (EXPTE. Nº 2025/16406A).

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

O debate deste asunto tivo lugar conxuntamente co punto 7º da orde do día que está recollido no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto a favor do Grupo Popular (12), do BNG (3) e de Democracia Ourensana (3) e a abstención do Grupo Socialista (7), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente as bases reguladoras do Programa de cooperación BenOurense Persoal Técnico para o exercicio 2025, co seguinte teor literal:

Primeira.- Obxecto do programa:

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública para a tramitación e concesión de subvencións polo Programa de cooperación “BenOurense Persoal Técnico”, en réxime de concorrência non competitiva, destinadas ás entidades locais da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes, co obxecto de garantirles o financiamento para a contratación ou nomeamento de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios, con perfís profesionais diferentes e complementarios ao de traballador/a social.

Para estes efectos, inclúense tamén as mancomunidades intermunicipais que xestionen servizos sociais dun conxunto de municipios con menos de 20.000 habitantes, ao

tratarse de meras entidades instrumentais dos concellos que exercen competencias delegadas por aqueles.

Este programa establécese no exercicio das competencias atribuídas á Deputación polos artigos 36.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Para a concesión destas axudas reservase un crédito, dentro da partida orzamentaria 23111 46200 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025, por importe de 299.511,00 € (douscentos noventa e nove mil cincocentos once euros).

Segunda.- Entidades beneficiarias.

Poderán ser beneficiarias as entidades locais da provincia, de menos de 20.000 habitantes, cuxas unidades de servizos sociais comunitarios básicos teñan a clasificación de Unidades de Traballo e Educación Social (UTES), ou Unidades Interdisciplinares de Intervención Social (UNIS), segundo o previsto no anexo II do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro.

Con carácter transitorio, e co fin de non menoscabar a execución orzamentaria das entidades locais inclúense, nos mesmos termos que para as UTES, aquelas entidades locais que nos últimos cinco anos recibiran por este Programa unha subvención para o persoal técnico de servizos sociais por ter unha UTES, e que no presente exercicio, por razóns de poboación, pasen a ter unha UTS (Unidades de Traballo Social). Dito período transitorio será como máximo ata o ano 2026 (incluído) co fin de confirmar a caída poboacional.

En concreto, serán beneficiarias de subvención as entidades locais (concellos ou mancomunidades) que se atopen clasificadas nos seguintes supostos conforme co anexo II do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro.

- a) Entidades locais de áreas rurais de 5.000 ata 12.000 habitantes e de áreas semiurbanas de 10.000 e ata 15.000 habitantes: 1 técnico/a equivalente a un grupo

A, subgrupo A2 -diferente ao/á traballador/a social- que complemente os servizos sociais e desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro deste ámbito.

b) Entidades locais de áreas rurais de máis de 12.000 e menos de 20.000 habitantes e de áreas semiurbanas de máis de 15.000 e ata 20.000 habitantes: 1 técnico/a igual o equivalente a un grupo A, subgrupo A2, – diferente ao/á traballador/a social que desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro da área de servizos sociais do concello ou mancomunidade, e un técnico/a igual ou equivalente a un grupo A, subgrupo A1 que desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro da área de servizos sociais.

Os datos de poboación tidos en conta son os últimos datos oficiais definitivos publicados polo INE.

A través do presente programa, subvencionarase exclusivamente a contratación ou nomeamento dos/as profesionais titulados/as que se integren nas unidades de servizos sociais das entidades locais de menos de 20.000 habitantes que non sexan subvencionados pola Xunta de Galicia, conforme co previsto no artigo 47 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo. No caso de adscricións de funcionario/a ou persoal laboral de concellos e/ou mancomunidades terá que estar en situación laboral de alta para poder ser subvencionado con cargo a este programa.

No contrato, ou na decisión formal de adscribir a persoal propio da entidade, deberá reflectirse a titulación do/a profesional (ou profesionais), así como a categoría profesional da persoa que se adscribe/contrata e as funcións que desenvolve dentro da/s unidade/s de servizos sociais. Poderá xustificarse o custo laboral bruto dende o 1 de xaneiro de 2025. En todo caso, para o cobro da cantidade total asignada, terase en conta que o período de contratación pola entidade sexa, cando menos, de 6 meses no exercicio 2025 e en xornada igual ou superior ás 20 horas semanais. No caso de que a duración do contrato fose inferior en tempo ou en xornada laboral realizárase un rateo da subvención aprobada para este concepto.

Os/as profesionais con contrato ou adscrición deberán formar parte do equipo municipal de servizos sociais comunitarios da entidade e desenvolver funcións relacionadas, o cal se documentará cun certificado da persoa titular da secretaría municipal no que conste que o/a profesional desenvolve funcións do ámbito dos servizos sociais municipais.

Terceira. - Contías das subvencións.

O importe da subvención por profesional será equivalente aos módulos económicos previstos no artigo 47.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a seu financiamento, modificados por Orde do 13 de xullo de 2016 (DOG número 140 do 26 de xullo de 2016)

- Por cada técnico/a grupo A, subgrupo A2 (UTES e UNIS): 16.815,00 euros.
- Por cada técnico/a grupo A, subgrupo A1 (UNIS): 20.229,00 euros.

O cadro de distribución inicial das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes, figura como anexo I do programa.

No caso das entidades locais, que tendo recoñecida unha asignación económica para o nomeamento/contratación de persoal técnico, non se adhiran ao Programa ou non soliciten a asignación económica para un do/s perfís técnicos subvencionados, este remanente económico repartirase entre o resto das entidades locais beneficiarias, incrementando de xeito lineal os módulos económicos previstos inicialmente.

Cuarta.- Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades.

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria que a presentación de solicitudes sexa conforme co previsto nesta base.

Os concellos interesados en participar deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados, que deberán asinar dixitalmente o/a alcalde/esa, presidenta/e ou secretaria/o da entidade local e presentarse no Rexistro da Deputación de Ourense.

O modelo normalizado porase a disposición das entidades locais e_ nel recóllese a certificación da alcaldía/presidencia e unha declaración responsable doutras axudas e subvencións concedidas á entidade local para a mesma finalidade.

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do extracto desta convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Área de Benestar procederá á instrución do expediente e realizará a comprobación da documentación presentada.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente programa ou no modelo de adhesión, ou teñan declarado o recoñecemento doutra subvención incompatible coa prevista neste Programa.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no Programa.

Quinta. Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente programa.

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas neste programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

Sexta. Tramitación das subvencións. Xustificación e pagamento.

As subvencións previstas no presente programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base cuarta, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

- a) Pagamento anticipado do 80 % do importe máximo total de subvención previsto.

Antes do 30 de setembro de 2025, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, en concepto de anticipo para xustificar, do 80 % do importe total da subvención prevista. O 20% restante aboarásele unha vez remitida a xustificación final, conforme co previsto nestas bases.

Para cada libramento da subvención (tanto na fase de anticipo como de xustificación final), as entidades beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do anexo II que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

b) Xustificación e pagamento final:

Ata o 30 de novembro de 2025 (inclusive), as entidades locais beneficiarias terán que presentar a documentación xustificativa da subvención concedida, asinada dixitalmente e segundo os formularios normalizados que lle indique a Área de Benestar da Deputación, órgano que levará a cabo as comprobacións das xustificacións. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable.

A xustificación do programa incluírá os gastos efectuados ata o 31 de outubro de 2025, os gastos correspondentes ao meses de novembro e decembro do 2025 poderán xustificarse presentando un certificado de gastos comprometidos asinados polo órgano que teña encomendada a intervención da entidade.

Para a xustificación final da subvención as entidades beneficiarias deberán xustificar a contratación/nomeamento do persoal técnico subvencionado durante o exercicio 2025, facendo uso dos seguintes formularios normalizados:

1. Memoria descritiva dos servizos sociais prestados polo persoal técnico.
2. Certificación dos gastos efectuados, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de outubro de 2025, asinada pola persoa responsable da intervención/secretaría.
3. No caso de querer xustificar gastos correspondentes aos meses de novembro e decembro de 2025, presentarán un certificado de gastos comprometidos asinado polo órgano que teña encomendada a intervención da entidade.

4. Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.
5. Mostras gráficas das medidas de información e publicidade adoptadas pola entidade local, de acordo co establecido na base décimo primeira.

A recepción da documentación xustificativa equivalerá ao acto administrativo de declaración da xustificación da subvención, procedéndose ao libramento do importe xustificado, que será o equivalente ao 20 % da contía máxima de subvención inicialmente prevista, agás que o contrato ou nomeamento do persoal técnico tivese unha duración inferior, en tempo ou en xornada laboral tal como se recolle na base segunda, en cuxo caso o seu importe ratearase proporcionalmente de xeito automático. Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2025, obxecto desta convocatoria.

As notificación das resolucións ditadas pola Presidencia correspondentes ao pagamento anticipado e de xustificación e pagamento final serán substituídas pola súa publicación na sede electrónica da Deputación de Ourense.

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente ao 30% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

En aplicación ao previsto no artigo 71 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, cando se aprecien defectos subsanables na documentación de xustificación, porase en coñecemento do beneficiarios concedéndoselle un prazo de dez días para a súa corrección.

Sétima.- Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro:

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa.

Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificadas polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste suposto, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda, compensándose do mesmo xeito co anticipo librado, de ser o caso.

Oitava.- Compatibilidades con outras axudas ou subvencións públicas.

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense ou por calquera outra administración pública para a mesma finalidade e o mesmo exercicio orzamentario.

Novena.- Réxime de protección de datos achegados coa solicitude.

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

k) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa do Progreso, n.º 32, 32003 Ourense, teléfono de contacto 988 317 600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.gal.

l) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos do seu contacto ou reclamacións, atópase dispoñible no correo electrónico: dpd@depourense.gal.

m) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de

transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.benourense.depourense.gal

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os sos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

n) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

o) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación
- Aos membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

p) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

q) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

r) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

s) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

t) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Décima.- Control financeiro das subvencións.

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas neste programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao

longo do exercicio 2025. O control financeiro incluírá a actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo á prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa e realizarase de conformidade co disposto na base 83 do orzamento xeral para o ano 2025 da Deputación Provincial de Ourense.

Décimo primeira.- Obrigas das entidades locais adheridas:

Sen prexuízo das obrigas establecidas con carácter específico e de sometemento ao control financeiro previsto nas bases xerais, as entidades adheridas estarán obrigadas a:

- a) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar cada un dos pagos da subvención.
- b) Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.
- c) A identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense dende o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. As entidades beneficiarias no momento da xustificación da subvención deberán remitirle á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo/persoal como cofinanciado pola Deputación e que responderá ás normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da

Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

Anexo I

Entidade local prestadora SSCM	Unidade técnica	Área	Grupo A subg. A2	Módulo económico	Grupo A subg. A1	Módulo económico	Total entidade
Allariz	UTES	Rural 28	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Barbadás	UTES	Semiurb. 9	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Barco de Valdeorras, O	UNIS	Rural 31	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €
Carballiño, O	UNIS	Rural 25	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €
Mancomunidade de Verín	UTES	Rural 30	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Mancomunidade do Carballiño	UTES	Rural 25	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Mancomunidade do Ribeiro	UTS	Rural 26	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Mancomunidade Santa Águeda	UTES	Rural 24	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Mancomunidade Terras de Celanova	UNIS	Rural 27	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €
Pereiro de Aguiar, O	UTES	Rural 24	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Ribadavia	UTS	Rural 26	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Verín	UNIS	Rural 30	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €
Xinzo de Limia	UTES	Rural 29	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €

Anexo II

Declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións e de estar ao corrente das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e no pago de obrigacións por reintegro de subvencións

D./D.^a, NIF....., en nome
propio, ou en representación da entidade

....., NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao amparo do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, declara responsablemente ante a Deputación Provincial de Ourense, e para efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao seu cobro,

Primeiro: que non se atopa incurso en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segundo: que se atopa ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditalo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano concedente da subvención.

Manifesto que quedo informado da obrigación de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidese producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración.

En _____, a _____ de _____ de _____.

Asdo.:

2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.

10.- APROBACIÓN DO CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E A COMUNIDADE DE REGANTES “NOVA LIMIA” PARA SUBVENCIONAR A VIABILIDADE FINANCEIRA DAS ACTUACIÓNS INHERENTES AO PROXECTO DE MELLORA PARA O APROVEITAMENTO EN REGADÍO DAS 42 CAPTACIÓNS DE AUGAS SUBTERRÁNEAS NA LIMIA (EXPTE. Nº 2025/7850W).-

D. Rosendo Luis Fernández Fernández, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Turismo, Termalismo e Medio Ambiente.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10](#)

Non se producen máis intervencións e, por maioría, co voto favorable de todos os presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar o CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E A COMUNIDADE DE REGANTES “NOVA LIMIA” PARA SUBVENCIONAR A VIABILIDADE FINANCEIRA DAS ACTUACIÓNS INHERENTES AO PROXECTO DE MELLORA PARA O APROVEITAMENTO EN REGADÍO DAS 42 CAPTACIÓNS DE AUGAS SUBTERRÁNEAS NA LIMIA, conforme ao seguinte clausulado:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer a colaboración financeira entre a Deputación Provincial de Ourense e a Comunidade de Regantes Nova Limia mediante o outorgamento dunha subvención que garanta a viabilidade financeira das obras de modernización e consolidación dos regadíos (proxecto de mellora para o aproveitamento en regadío das 42 captacións de augas subterráneas na Limia).

As obras teñen un prazo de execución de 24 meses, estando prevista a súa finalización no mes de abril de 2026. Para estes efectos, a Comunidade de Regantes Nova Limia formalizou o 12 de abril de 2024 coa entidade bancaria Abanca un préstamo a amortizar nun prazo de 15 anos, que lle permite asumir as obrigas económicas derivadas da sinatura do convenio asinado con SEIASA o 21 de xuño de 2023. Para o seu financiamento, a colaboración financeira articulada a través deste convenio esténdese ata a anualidade 2032.

Segunda.- Actuacións subvencionables

As actuacións que corresponde financiar á Comunidade Xeral de Regantes que se establecen na parte expositiva deste convenio son as seguintes:

- O 20% do custo total da actuación.
- O custo da redacción do proxecto e da súa adaptación ata a aprobación polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.
- O custo das expropiacións e ocupacións necesarias.
- Os gastos financeiros en que incorra a Sociedade por causas imputables á Comunidade Xeral de Regantes.
- O IVE correspondente, de acordo con a normativa vixente, no momento en que se produza a entrega das obras á Comunidade Xeral de Regantes.
- O importe que facture SEIASA en concepto de retribución por prestación de servicios de xestión técnica e administrativa (1% sobre o orzamento de execución por contrata correspondente a cada certificación, que se facturará mensualmente ao longo do período de execución da obra).
- O importe que facture SEIASA en concepto de seguimento ambiental correspondente aos cinco anos posteriores ao remate das obras (0,15 % sobre o custo da execución total da obra, IVE non incluído).

En base ao anterior, dende o inicio da obra ata a finalización desta o custo total aproximado a asumir pola Comunidade de Regantes ascende a 15.202.639,73 €.

A devandita comunidade acreditará a efectiva realización das obras de modernización e consolidación de regadíos, de conformidade co establecido na cláusula sexta deste convenio, relativa á xustificación e ao pagamento da axuda.

Con carácter xeral e conforme ao establecido polo artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

Se considerará gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao remate do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.

Consideraranse como gastos subvencionables todos aqueles facturados de xeito inmediatamente anterior á sinatura deste convenio e que estean directamente vinculados ao obxecto do mesmo.

Terceira.- Compromisos da Deputación Provincial de Ourense

A Deputación Provincial de Ourense comprométese a:

- Achegar o financiamento orzamentario preciso, con cargo aos seus orzamentos, que se establece na cláusula quinta, para facilitar a viabilidade financeira do

proxecto das obras de modernización e consolidación dos regadíos (proxecto de mellora para o aproveitamento en regadío das 42 captacións de augas subterráneas na Limia).

Cuarta.- Compromisos da Comunidade de Regantes

A Comunidade de Regantes Nova Limia comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma, asumindo os seguintes compromisos:

- A Comunidade de Regantes comprométese a destinar a subvención ás actuacións vinculadas á execución das obras do citado proxecto de mellora.
- A xustificar, mediante a documentación indicada na cláusula sexta, as actuacións subvencionadas, e a acreditar a realización das obras.
- A poñer en coñecemento da Deputación Provincial as alteracións que se poidan producir no desenvolvemento do proxecto, como pode ser a modificación do importe, a ampliación de prazo ou calquera outra circunstancia sobrevida.
- A someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Quinta.-Importe estimado

A dotación orzamentaria para subvencionar as actuacións obxecto deste convenio, estímanse en 4.000.000,00 euros.

No suposto de minoración dos gastos subvencionables diminuírase proporcionalmente o importe da subvención. En todo caso, as achegas totais das partes non poderán ser superiores aos gastos subvencionados.

A achega da Deputación Provincial de Ourense levarase a cabo con fondos propios con cargo á aplicación orzamentaria 16115/78099, quedando subordinado o presente convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos correspondentes aos exercicios nos cales se distribúe a execución do gasto, co detalle que se recolle na seguinte táboa:

Anualidade	Aportación		
2024	500.000,00	€	(xa

	transferidos)
2025	500.000,00 €
2026	500.000,00 €
2027	500.000,00 €
2028	500.000,00 €
2029	500.000,00 €
2030	500.000,00 €
2031	500.000,00 €
Total anualidades 2024-2031:	4.000.000,00 €

De conformidade co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establécense pagos a conta, pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas. O importe do pagamento a conta poderá acadar ata o 100 % da contía anual concedida.

Porén, a Comunidade de Regantes Nova Limia queda eximida de constituír garantías para efectuar estes pagamentos á conta, de acordo co disposto no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Sexta .- Xustificación e pagamento da axuda

A actuación subvencionada xustificárase documentalmente antes do 15 de outubro de cada anualidade, nos seguintes termos:

A acreditación da aplicación da subvención para os fins para os que foi concedida, segundo o establecido no artigo 28 da Lei 9/2007, e 48 e seguintes do Decreto 11/2009, realizarase mediante a presentación de:

- Memoria de actuación xustificativa
- Memoria económica abreviada
- Informe de auditor de contas inscrito no Rexistro Oficial de Auditores de Contas, dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas.
- A memoria de actuación especificará co máximo detalle as actuacións realizadas e os resultados obtidos, así como a súa relación directa cos gastos realizados na execución das obras.

- A memoria económica abreviada conterá un estado representativo dos gastos realizados con cargo á subvención recibida.

Como mínimo deberá acreditar o disposto no artigo 29.3º da Lei 9/2007, e conterá un estado representativo dos gastos en que se incorreu na realización das actividades subvencionadas, debidamente agrupados, e, no seu caso, as cantidades inicialmente orzamentadas e as desviacións producidas.

En todo caso, o beneficiario deberá acreditar o destino dos fondos subvencionados e a finalización da execución da obra, achegando para estes efectos, tanto a xustificación do pagamento das facturas vinculadas ás actuacións da cláusula segunda deste convenio, como o certificado de fin de obra expedido na anualidade de remate da execución, e isto sen prexuízo de que, por parte da Deputación Provincial de Ourense, se lle poida solicitar calquera outra documentación complementaria, co gaio de acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

- Informe de auditor de contas

A actuación profesional do auditor de contas someterase ao disposto nas Normas de Actuación aprobadas mediante Orde EHA/1434/2007, do 17 de maio, na que se fixan os procedementos a aplicar, así como o alcance destes.

Unha vez realizada a revisión, o auditor emitirá un informe co contido que sinala a Orde EHA/1434/2007, do 17 de marzo.

En todo caso, deberá acreditar a finalización da obra mediante certificado de fin de obra na anualidade de remate das obras e o destino das cantidades achegadas pola Deputación á amortización do préstamo, así como o pagamento das facturas vinculadas ás actuacións da cláusula segunda deste convenio, sen prexuízo de que por parte da Deputación de Ourense se lle poida solicitar calquera outra documentación complementaria.

No caso de que a comunidade de regantes estea obrigada a auditar as súas contas, o auditor de contas será distinto deste último.

De ser o caso, a beneficiaria deberá achegar relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaran as actividades obxecto deste Convenio, si os houbera, con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da dita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, achegará declaración responsable acreditativa de que a entidade se atopa ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Para o caso de que non presente esta declaración deberá achegar autorización á Deputación de Ourense para solicitar as certificacións emitidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Axencia Tributaria de Galicia, que acreditan que a entidade está ao corrente das súas obrigas.

Sétima.- Causas de invalidez da concesión e reintegro

Rexen para o presente convenio as causas de invalidez da concesión da subvención e consecuentemente a súa resolución e, no seu caso o reintegro das cantidades percibidas, conforme se recolle nos artigos 32 e 33, respectivamente, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitava.- Comisión de Seguimento

Para velar polo cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha Comisión de Seguimento formada polo presidente como representante da Deputación Provincial de Ourense e polo representante da Comunidade de Regantes “Nova Limia”, que subscriben este convenio, ou persoas nas que deleguen.

A dita Comisión será a encargada do seguimento, interpretación e control do convenio, así como, no seu caso, arbitrar os mecanismos de solución de controversias e de denuncia do convenio por algunha das partes.

Novena.- Modificacións

As modificacións formalizaranse mediante “addenda” cos mesmos requisitos e condicións da aprobación do convenio

Décima.- Publicidade

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan neste convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Deputación de Ourense, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Así mesmo, comunicárase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación, toda a información relativa ás axudas recollidas neste convenio, en cumprimento do establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Undécima.- Tratamento de datos de carácter persoal

As partes asinantes virán obrigadas, en materia de protección de datos, a cumprir co Regulamento (UE) núm. 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e coas demais disposicións vixentes sobre a materia.

Os datos de carácter persoal aos que se teña acceso en virtude deste convenio serán tratados por ambas as dúas partes asinantes coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no exercicio de poderes públicos conforme coa normativa recollida nas cláusulas do convenio e ás referencias recollidas na páxina <https://www.depourense.gal/gl/politica-de-privacidade>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso á rectificación e supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Deputación de Ourense, ou de xeito presencial, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.depourense.gal/gl/politica-de-privacidade>.

Así mesmo, en aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e a integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, a perdas, a tratamentos ou a accesos non autorizados.

Duodécima.- Natureza e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo, réxese polas súas cláusulas e, no seu defecto, estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos

principios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

As posibles discrepancias que poidan xurdir na súa aplicación e/ou interpretación resolveranse por diálogo directo entre as partes ou pola Comisión de Seguimento. As controversias non resoltas serán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo terceira.- Vixencia

O presente convenio producirá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2031 ou, no seu caso, ata a súa resolución se se desen algunha das causas establecidas na cláusula sétima.

De conformidade co previsto no artigo 49 h) 1º da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, o presente convenio estende a súa vixencia máis alá do prazo de catro anos, ao estar normativamente previsto un prazo maior na lexislación de aplicación, reguladora das subvencións públicas.

E para que así conste, de conformidade con canto antecede, no exercicio das atribucións que teñen conferidas as partes, asinan o presente Convenio no lugar e data sinalada no seu encabezamento.

2º. Ao tratarse dun **gasto plurianual**, comprometerse ao cumprimento do réxime financeiro proposto, co compromiso de incluír no orzamento xeral desta Deputación para os exercicios seguintes as cantidades correspondentes, para asumir as anualidades do gasto indicadas.

Dada a excepcionalidade do investimento do proxecto, e para estes efectos, de conformidade co previsto no apartado 5 do artigo 174 do texto refundido da Lei das facendas locais, acórdase ampliar tanto o número de anualidades (ata sete) como as porcentaxes previstas (ata o 100 %) no apartado 3 deste artigo, todo iso para garantir o cumprimento das obrigas adquiridas en virtude do convenio, nos exercicios orzamentarios previstos neste.

Antes de comezar coa parte das mocións, o Grupo Socialista solicita que a súa moción sexa tratada en primeiro lugar debido a que Dª Elvira Lama Fernández, que é a deputada que vai

a defender a dita moción, por motivos persoais ten que abandonar o Pleno antes do seu remate.

Sométese a dita petición a votación que é aprobada por unanimidade.

11.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA ESIXIR SOLUCIÓNS URGENTES FRONTE Á CONTAMINACIÓN CRÓNICA DO ENCORO DAS CONCHAS E GARANTIR OS DEREITOS FUNDAMENTAIS DA VECIÑANZA (EXPTE. Nº 2025/16780D.-

A esta moción presentáronse tres emendas do BNG que foron aceptadas polo grupo propoñente da moción.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

O encoro das Conchas na comarca da Baixa Limia, que baña os concellos de Lobeira, Bande, Lobios, Muíños e Entrimo; atópase nun estado de contaminación extrema que levou ás autoridades sanitarias a activar o nivel máximo (3) de risco por presenza de cianobacterias, prohibindo o baño e calquera actividade recreativa nas praias fluviais do Corgo e A Rola en Muíños, e Porto Quintela en Bande. Esta situación constitúe unha crise medioambiental e sanitaria crónica que se arrastra desde 2011, cando se produciu a primeira explosión masiva de cianobacterias que cubriu a superficie do encoro cunha película verde tóxica. Hai xa tres lustros que a veciñanza convive con esta contaminación sen que as administracións responsables teñan adoptado medidas efectivas para atallar o problema. A contaminación alcanzou niveis que fai das Conchas un dos encoros máis contaminados de España, imposibilitando a vida normal na zona durante os meses de verán, cando as altas temperaturas agravan a proliferación de microorganismos tóxicos que converten o aire nunha ameaza para a saúde e fan que os residentes permanezan pechados nos seus fogares mesmo nos días máis calorosos.

Segundo o informe do Consello Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), o encoro presenta ata 97 millóns de bacterias "moi perigosas" por litro de auga, unha concentración de cianotoxina que triplica o valor admitido pola Organización Mundial da Saúde (OMS) para augas de baño. Os estudos tamén revelan a presenza de bacterias resistentes aos antibióticos, coñecidas por provocar enfermidades complexas ou imposibles de tratar. O nivel de nitratos rexistrado é extremadamente elevado, o que supón un acentuado factor de risco para distintos tipos de cancro coma tiroide, mama, ovarios, estómago, páncreas e vexiga; amais da metahemoglobinemia, andazo que se orixina no sangue e que pode ser mortal. Tamén se detectou a presenza do linfoma non

Hodgkin, enfermidade grave que se suma a un catálogo de patoloxías asociadas que representan un risco permanente para a saúde das persoas de veciñas e veciños, sobre todo para nenas e nenos, embarazadas e maiores.

A situación afecta á vida cotiá da veciñanza, que manifesta "medo de beber auga dos seus pozos" debido á contaminación e sofre problemas de saúde relacionados coa exposición prolongada ás toxinas, incluíndo ataques de dor de cabeza durante o verán, coincidindo cos picos de cianobacterias. Tampouco poden abrir as ventás nos días calorosos debido ao "fedor insoporable" procedente das explotacións intensivas, provocado por finas partículas no aire que poden causar problemas respiratorios e asma, especialmente entre os máis vulnerables. En certos casos, mesmo as augas de abastecemento municipal resultaron contaminadas, obrigando á poboación a abastecerse por medio de camións cisterna ou auga embotellada, co evidente trastorno e limitación que tal situación implica para a actividade cotiá das persoas.

Os estudos apuntan ás "excesivas aportacións de nitróxeno e fósforo" da gandería estabulada como "a causa principal da eutrofización galopante do encoro das Conchas", un proceso agravado pola concentración desproporcionada de explotacións intensivas nunha zona relativamente pequena. Segundo o Rexistro Galego de Explotacións Agrarias, en 2023 había preto de dous millóns de cabezas de gando porcino na comarca da Limia, unha carga equivalente a unha poboación de entre 1,5 e 2 millóns de persoas para unha rexión de arredor de 26.000 habitantes, supondo unha taxa de contaminación esaxerada e insostible. Esta sobre-explotación gandeira xera un exceso de zurros que, ao non ser xestionados apropiadamente, contaminan chan e augas. A Xunta ten outorgado autorizacións "de forma permisiva" para centos de explotacións gandeiras intensivas na zona, malia coñecer o impacto real que a gandería industrial exerce sobre a comarca e sen aplicar medidas efectivas de control e tratamento dos residuos. Un modelo que da prioridade ao beneficio económico a curto prazo sobre a sustentabilidade medioambiental e a saúde pública, ameazando a viabilidade da comarca.

Diante desta situación, a asociación de veciños do pobo das Conchas e a Federación de Consumidores e Usuarios CECU, xunto con sete cidadáns particulares, presentaron unha demanda ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia por violación de dereitos humanos. A denuncia vai dirixida contra a Xunta de Galicia, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e os municipios de Bande, Muíños, Lobeira, Trasmiras e Os Blancos por "permitir durante décadas" a contaminación do encoro. Segundo Amigas da

Terra e ClientEarth, que apoian o litixio, este caso "marca un precedente en Europa", xa que por "primeira vez" un tribunal avaliará o impacto da gandería industrial nos recursos hídricos desde unha perspectiva de dereitos fundamentais, o que pode sentar xurisprudencia a nivel europeo para casos similares. Desde os inicios, os demandantes intentaron "establecer un diálogo" coas autoridades sobre os elevados niveis de contaminación cos que conviven, pero non se adoptaron medidas eficaces, incumprindo ás veces co requisito mínimo de alertar aos residentes sobre a toxicidade do encoro.

A Deputación de Ourense non pode manterse á marxe dunha situación que afecta directamente a cinco municipios da provincia e vulnera os dereitos fundamentais da súa veciñanza, máxime cando se trata de concellos rurais con recursos limitados que precisan do apoio e a coordinación desta corporación para facer fronte a unha crise desta magnitude. É responsabilidade desta institución exercer o seu papel de coordinación, asistencia e cooperación para atallar unha crise que transcende as capacidades individuais dos concellos afectados e que require unha resposta institucional contundente e coordinada. A Deputación debe situarse do lado dos cidadáns e esixir ás administracións competentes que adopten as medidas urxentes necesarias para garantir o dereito a un ambiente san e a protección da saúde pública. Non facelo suporía un incumprimento das súas funcións e unha deserción das súas responsabilidades cara coa veciñanza máis vulnerable da provincia, ademais de constituír un precedente negativo que podería repetirse noutras comarcas se non se actúa con determinación fronte a unha situación límite coma esta.

*Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:*

PRIMEIRA.- *Solidarizarse institucionalmente coa demanda presentada polos veciños e veciñas e polas entidades ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recoñecendo o seu dereito a vivir nun entorno san e libre de contaminación*

SEGUNDA.- *Instar á Xunta de Galicia a que proceda inmediatamente a declarar A Limia como Zona Vulnerable por Nitratos, a suspender cautelarmente a autorización de novas explotacións gandeiras intensivas na Comarca da Limia ata que se resolva a crise de contaminación. A construír e por en funcionamento una planta de tratamento de xurros na Limia, tal como está recollido no PEL que a Xunta de Galicia lle encomendou a Fundación Juana de Vega no ano 2020.*

TERCEIRA.- *Instar ao Ministerio do Medio Ambiente e para a Transición Ecolóxica a elaborar e executar un Plan de Emerxencia de Descontaminación do encoro das Conchas cun cronograma, orzamento específico e medidas de control rigoroso sobre vertidos de xurros e residuos agrogandeiros.*

CUARTA.- *Poñer ao dispor dos concellos afectados (Bande, Muíños, Lobeira, Lobios e Entrimo) o apoio técnico, xurídico e financeiro da Deputación para establecer sistemas alternativos de abastecemento de auga potable, implementar medidas de protección sanitaria para os veciños e desenvolver estudos epidemiolóxicos sobre o impacto da contaminación na saúde pública.*

QUINTA.- *Establecer unha liña de axudas específica da Deputación de Ourense, dotada con recursos suficientes, para compensar os prexuízos económicos causados pola contaminación e apoiar iniciativas de desenvolvemento rural sustentable nos concellos afectados como alternativa ao modelo de gandería intensiva actual.*

SEXTA.- *Trasladar estas propostas ao Parlamento de Galicia, ao Congreso dos Deputados, á Comisión Europea e a todas as administracións competentes, esixindo a aplicación do principio de precaución e a adopción de medidas cautelares para protexer a saúde pública, incluíndo a posible declaración de zona catastrófica e a mobilización de recursos extraordinarios.*

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación, en primeiro lugar, as emendas do BNG que son aprobadas por maioría, co voto favorable de todos os presentes. A continuación sométese á votación a moción coas emendas do BNG e, por maioría de todos os presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRA.- *Solidarizarse institucionalmente coa demanda presentada polos veciños e veciñas e polas entidades ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recoñecendo o seu dereito a vivir nun entorno san e libre de contaminación*

SEGUNDA.- *Instar á Xunta de Galicia a que unha vez se elabore o informe xeral por parte do MITECO que están negociando coas comunidades autónomas se proceda á declaración da Limia como Zona Vulnerable por nitratos e, en consecuencia, proceder á inmediata posta en marcha das medidas contempladas nos 6 eixos de actuación e que contempla o Plan Estratéxico da Limia (PEL), consensuado con todos os actores sociais, técnicos e económicos da Comarca da Limia.*

TERCEIRA.- Instar ao Ministerio do Medio Ambiente e para a Transición Ecolóxica a elaborar e executar un Plan de Emerxencia de Descontaminación do encoro das Conchas cun cronograma, orzamento específico e medidas de control rigoroso sobre vertidos de xurros e residuos agrogandeiros.

CUARTA.- Poñer ao dispor dos concellos afectados (Bande, Muíños, Lobeira, Lobios e Entrimo) o apoio técnico, xurídico e financeiro da Deputación para establecer sistemas alternativos de abastecemento de auga potable, implementar medidas de protección sanitaria para os veciños e desenvolver estudos epidemiolóxicos sobre o impacto da contaminación na saúde pública.

QUINTA.- Esixir o establecemento de liñas de axudas, dotada con recursos suficientes das administracións competentes (Confederación Hidrográfica Miño-Sil e Xunta de Galicia), para compensar os prexuízos económicos causados pola contaminación e apoiar iniciativas de desenvolvemento rural sustentable nos concellos afectados como alternativa ao modelo de gandería intensiva actual.

SEXTA.- Trasladar estas propostas ao Parlamento de Galicia, ao Congreso dos Deputados, á Comisión Europea e a todas as administracións competentes, esixindo a aplicación do principio de precaución e a adopción de medidas cautelares para protexer a saúde pública, incluíndo a posible declaración de zona catastrófica e a mobilización de recursos extraordinarios.

SÉTIMA.- Instar ás administracións competentes a aplicar as normativas precisas para que a empresa concesionaria se responsabilice do coidado do encoro para o seu aproveitamento por parte da veciñanza e visitantes, garantindo a súa salubridade cunha limpeza e coidado periódico e introducir os cambios legislativos acaídos para que as empresas que asuman a explotación dos nosos encoros fagan un seguimento e mantemento das nosas augas e non só obteñan beneficios privativos pola explotación dos recursos públicos.

12.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA PARA A SUBSTITUCIÓN DA COMPRA DE PERIÓDICOS EN PAPEL POR SUBSCRICIÓN DIXITAIS NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (EXP. Nº 2025/16659A).

D. Rafael Martínez Cachafeiro, de Democracia Ourensana, expón o contido da seguinte moción:

A Deputación Provincial de Ourense, como institución pública, debe estar comprometida coa sustentabilidade, a eficiencia do gasto público e a modernización dos seus recursos. Neste sentido, propoñemos deixar de adquirir exemplares físicos de prensa diaria e proceder, se se considera, á subscrición dixital dos devanditos medios de comunicación. Cada ano, tállanse millóns de árbores para producir papel destinado a prensa escrita. Segundo estimacións, a produción de 1,2 millóns de xornais diarios en España supón a talla de aproximadamente 13.000 árbores cada día, o que se traduce en case 5 millóns de árbores ao ano. A transición a formatos dixitais contribúe directamente á protección dos bosques, a redución de emisións contaminantes e o aforro enerxético.

Ademais, a prensa dixital ofrece claras vantaxes:

- Acceso inmediato e simultáneo desde distintos dispositivos.*
- Aforro económico a medio e longo prazo, ao eliminar custos de impresión e distribución.*
- Mellora da eficiencia e comodidade para o persoal da Deputación.*
- Acceso a contidos ampliados e actualizados en tempo real.*

Por todo o exposto, propoñemos que no Pleno da Deputación Provincial de Ourense se adopte o seguinte acordo:

- 1. A Deputación Provincial de Ourense deixará de adquirir xornais en formato físico.*
- 2. Propoñerase a outros Concellos da provincia, considerar medidas similares que fomenten o consumo responsable de recursos e o uso de tecnoloxías máis sostibles.*

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto a favor de Democracia Ourensana (2), a abstención do BNG (3) e o voto en contra do Grupo Popular (12) e do Grupo Socialista (6).

13.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA AO REFORZO DE EFECTIVOS DA GARDA CIVIL NA PROVINCIA DE OURENSE (EXPTE. Nº 2025/16757D).-

A esta moción presentáronse dúas emendas do BNG que foron rexeitadas polo grupo propoñente da moción.

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da seguinte moción:

A seguridade cidadá é un dos piares fundamentais para garantir a convivencia, o benestar e a calidade de vida dos veciños e veciñas de calquera provincia.

O labor que realiza a Garda Civil nos nosos concellos, especialmente naqueles de ámbito rural ou con menor densidade de poboación e fundamental, dado que hai moito núcleo de poboación con só un ou dous veciños e que normalmente son de idade avanzada, facéndoos moito mais vulnerables a todo tipo de delitos e ameazas.

Resulta esencial a presenza da Garda Civil para previr o delito, protexer á poboación e asegurar o cumprimento da lei, ademais da súa labor social, o estar pendentes dos veciños ante calquera eventualidade.

Por outra banda, nos últimos anos, diversos municipios experimentaron un incremento de poboación, un aumento do tránsito de persoas ou un incremento de situacións que requiren dunha maior presenza e capacidade operativa dos corpos e forzas de seguridade do Estado.

Neste contexto, o persoal da Garda Civil destinado na nosa provincia resulta insuficiente para cubrir as necesidades de vixilancia, atención cidadá e actuación inmediata, dada a redución de efectivos e a creación de novos servizos, non dotados de persoal, polo que membros do servizo de seguridade cidadá, agora teñen que atender as novas obrigas, diminuíndo o persoal asignado a esas labores facendo que aumente considerablemente o tempo de actuación ante emerxencias ou situacións de risco, facendo que moitas veces sexa tarde ou sexa precisa a intervención dos veciños.

Así mesmo, constatáronse dificultades derivadas da escaseza de recursos materiais, como chalecos antibalas, munición, etc. e humanos, como xa dixemos anteriormente, pero agravándose aínda máis na temporada estival, cando os propios axentes disfrutan das súas merecidas vacacións, o que repercute negativamente na eficacia do servizo prestado.

Un capítulo aparte merece o acontecido no apagamento na península ibérica, cando a interrupción na subministración eléctrica que ocorreu o luns 28 de abril de 2025 ás 12:33 e localizado principalmente na península ibérica, así como en menor grao en zonas do sur de Francia, deixou a máis de 50 millóns de persoas afectadas, sendo un corte de electricidade sen precedentes provocando que a meirande parte dos cuarteis e postos da Garda Civil non tivera subministro eléctrico, deixándoos inoperativos o estar incomunicados nunha situación de emerxencia máxima, o que levou a unha serie de sucesos derivados, cobrándose a vida de 8 persoas.

Aumentar os efectivos e recursos da Garda Civil permitiría mellorar substancialmente a seguridade, incrementar a capacidade preventiva e disuasoria, e reforzar a confianza da cidadanía nas institucións públicas.

No caso de Cataluña, coa supresión do SEPRONA e de determinadas unidades de Intervención de Armas nalgúns zonas supoñerá unha notable diminución na capacidade de resposta ante emerxencias ambientais.

Esta decisión conleva unha redución significativa nos labores de vixilancia e protección do medio natural, así como unha perda de control sobre a tenencia e o uso de armas e explosivos, como xa expuxo a Asociación Profesional da Garda Civil.

Ante esta situación incrementase a vulnerabilidade fronte a episodios de contaminación ambiental, debilita a protección dos espazos naturais e facilita a proliferación de actividades ilegais como a caza furtiva.

Así mesmo, obriga a outros corpos de seguridade a asumir funcións adicionais, o que incrementa a súa carga de traballo e reduce a súa capacidade operativa e o que nos tememos e que esta política de supresión de unidades acabe estendéndose a outras comunidades autónomas, coa preocupación de que esta decisión se traslade a Galicia.

A este panorama súmase a especialidade do Servizo Fiscal e de Fronteiras, e a redución de efectivos, cuxa labor resulta igualmente fundamental, especialmente en provincias coma a nosa, con mais de 200 km de fronteira con País veciño e afectando directamente a 17 concellos.

A Garda Civil conta con axentes especializados que velan polo cumprimento da lexislación en materia de inmigración e aduanas, supervisando o tránsito de persoas e vehículos nos puntos fronteirizos. Ademais, desempeñan un papel crave na loita contra o contrabando de mercadorías, como tabaco, alcol e produtos falsificados, así como na prevención do narcotráfico, o tráfico de armas e de persoas, e o branqueo de capitais.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes

ACORDOS:

- 1. Instar o Ministerio do Interior a que, en coordinación coa Dirección Xeral da Garda Civil, proceda a reforzar de maneira prioritaria os efectivos asignados na provincia de Ourense.*
- 2. Solicitar o Ministerio do Interior o incremento e mellora de recursos materiais, medios técnicos e de seguridade destinados aos cuarteis e postos da Garda Civil que prestan servizo na nosa provincia, co fin de mellorar a seguridade dos propios axentes, así como a súa operatividade e capacidade de resposta.*

3. *Instar ao Goberno de España a dotar a todos os postos e cuarteis de Garda Civil de sistemas de subministración eléctrica de emerxencia, para que ante calquera eventualidade, xa sexa meteorolóxica, enerxética, etc. podan seguir prestando os servizos con normalidade en situacións de crise.*
4. *Informar á cidadanía da aprobación desta moción e das accións emprendidas para garantir unha maior presenza de efectivos e mellora dos servizos de seguridade, así como de protección da natureza.*
5. *Dar traslado da presente moción, unha vez aprobada, ao Ministerio do Interior, á Delegación do Goberno en Galicia, á Dirección Xeral da Garda Civil e aos Concellos da provincia de Ourense.*

Dona Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, cédelle a primeira queda de intervención ao secretario provincial da asociación de gardas civís JUCIL, **don Luis Sousa Alonso**.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13](#)

Non se producen máis intervencións, someténdose a votación a moción, e co voto a favor do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (2) e a abstención do Grupo Socialista (6) e do BNG (3) se adopta o seguinte acordo:

1. Instar ao Ministerio do Interior a que, en coordinación coa Dirección Xeral da Garda Civil, proceda a reforzar de maneira prioritaria os efectivos asignados na provincia de Ourense.
2. Solicitar ao Ministerio do Interior o incremento e mellora de recursos materiais, medios técnicos e de seguridade destinados aos cuarteis e postos da Garda Civil que prestan servizo na nosa provincia, co fin de mellorar a seguridade dos propios axentes, así como a súa operatividade e capacidade de resposta.
3. Instar ao Goberno de España a dotar a todos os postos e cuarteis de Garda Civil de sistemas de subministración eléctrica de emerxencia, para que ante calquera eventualidade, xa sexa meteorolóxica, enerxética, etc. podan seguir prestando os servizos con normalidade en situacións de crise.
4. Informar á cidadanía da aprobación desta moción e das accións emprendidas para garantir unha maior presenza de efectivos e mellora dos servizos de seguridade, así como de protección da natureza.
5. Dar traslado da presente moción, unha vez aprobada, ao Ministerio do Interior, á Delegación do Goberno en Galicia, á Dirección Xeral da Garda Civil e aos Concellos da provincia de Ourense.

14.- MOCIÓN DO BNG PARA A RECUPERACIÓN DA UNIDADE DE COVID PERSISTENTE (EXPTE. Nº 2025/16811V).-

D. Bernardo Varela López, do BNG, expón o contido da seguinte moción:

No contexto da pandemia da COVID-19, o sistema sanitario galego tivo que adaptarse de maneira urxente para facer fronte a unha situación sanitaria sen precedentes. En Ourense, unha das ferramentas máis eficaces foi o servizo TELEA, que permitiu o seguimento domiciliario de doentes COVID positivos. Este servizo permitiu detectar, xa nos primeiros meses da pandemia, que algúns destes doentes desenvolvían síntomas persistentes a pesar de ter pasado un cadro agudo leve.

Grazas á implicación dos profesionais do servizo TELEA, en colaboración coas unidades de Rehabilitación, Saúde Mental e Neumoloxía do CHUO, foise xestando o embrión do que no 2021 se constituiría oficialmente como Unidade Multidisciplinar de COVID Persistente. Esta unidade converteuse nun referente dentro do sistema sanitario galego, chegando a ser recoñecida como exemplar e asumindo incluso a función de unidade de segunda opinión para pacientes de toda Galiza.

A unidade contaba cun equipo multidisciplinar que incluía tres facultativas, un neumólogo, unha enfermeira e un psicólogo. Froito do seu traballo xurdiron diversas iniciativas terapéuticas e rehabilitadoras, como programas psicoeducativos, talleres de risoterapia, musicoterapia, actividades de ioga e pilates en colaboración coa Deputación, e obradoiros de manualidades con función terapéutica e de acompañamento.

Porén, dende o outono de 2024, a unidade comezou a desmantelarse progresivamente coincidindo co traslado da xefa de Medicina Interna e a baixa por enfermidade doutra facultativa. A atención médica especializada foi reducíndose ata o punto de que moitos pacientes levan máis de seis meses sen seguimento, sendo derivados a profesionais sen formación específica nesta enfermidade, o que deriva nunha perda de calidade asistencial e mesmo, nalgúns casos, na negación da enfermidade.

Esta situación non é un feito illado, senón que se enmarca nun contexto máis amplo de deterioro da sanidade pública galega, cun impacto especialmente grave en Ourense. O Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO), a pesar de ser referencia, arrastra problemas crónicos de listas de espera -con máis de 80 días de media para intervencións cirúrxicas-, falta de persoal e derivacións cada vez máis frecuentes á sanidade privada, como demostra o envío recente de pacientes ourensáns a hospitais

privados de Vigo para operarse. Así como as múltiples e bochornosas situacións de derrubes, inundacións e problemas estruturais.

En zonas como Valdeorras, a situación é aínda máis alarmante. A CIG-Saúde do Barco de Valdeorras leva tempo denunciando o desmantelamento progresivo do hospital comarcal, con servizos críticos sen cobertura estable, profesionais saturados e unha atención cada vez máis precarizada.

Un conxunto de eventos que levou en semanas recentes á reaparición da plataforma SOS Sanidade Pública de Ourense que está a denunciar múltiples deficiencias no sistema público sanitario.

Cómpre lembrar que a COVID Persistente é unha enfermidade crónica, complexa, cunha sintomatoloxía cambiante, que afecta a persoas fráxiles e polimedicadas. A día de hoxe, o SERGAS conta con protocolos específicos para a atención a doentes crónicos, polimedicados e fráxiles, porén paradoxicamente non se está aplicando ningún deles a este colectivo.

A importancia da Unidade radica nos profesionais cunha excelente formación en Covid Persistente que está sendo desaproveitada, e os afectados pola Covid Persistente como pacientes crónicos, fráxiles e polimedicados, deberían de recibir do SERGAS a atención acorde a estas tres características.

Como indicamos o propio SERGAS ten tres protocolos, un de atención ao doente crónico, outra ao polimedicado e outro de atención ao doente fráxil. E non se lles aplica ningún deles. A desaparición progresiva da Unidade Multidisciplinar de Ourense supón un retroceso inaceptable na atención sanitaria a centos de pacientes que quedarán atrapados nun labirinto medio onde non os recoñecen nin os tratan de maneira axeitada. Isto non só os condena ao sufrimento, senón que pon en risco a súa capacidade de recuperación e grava unha crise sanitaria prioritaria.

A desatención da COVID Persistente é outro síntoma do abandono da sanidade pública galega, onde o desmantelamento de recursos, a falta de investimento e a precarización do persoal están a comprometer a saúde de miles de cidadáns, especialmente nas zonas máis desfavorecidas como as comarcas de Ourense.

Pasto que a covid persistente non pode quedar relegada ao esquecemento, condenando a miles de persoas a vivir sen atención médica axeitada poñemos os seguintes puntos de acordos:

ACORDOS

1. *Instar ao SERGAS e Xunta de Galiza a reabrir e garantir a continuidade e funcionamento pleno da Unidade Multidisciplinar de COVID Persistente no CHUO de Ourense, dotándoa dos recursos humanos e materiais necesarios.*
2. *Solicitar a cobertura urxente dos postos clave da unidade (facultativos/as, enfermeira xestora de casos, persoal de apoio psicolóxico), asegurando a súa estabilidade e formación específica en COVID Persistente.*
3. *Reclamar a aplicación efectiva dos protocolos do SERGAS para doentes crónicos, polimedicados e fráxiles ás persoas afectadas por COVID Persistente, recoñecendo a súa situación clínica específica.*
4. *Reactivar os programas terapéuticos e grupais que se viñan desenvolvendo na unidade, garantindo o seu carácter continuado e adaptado ás necesidades das persoas afectadas.*
5. *Solicitar a creación dun plan galego integral de atención a pacientes con COVID Persistente, que teña en conta a experiencia acumulada en Ourense como modelo organizativo e asistencial e teña como primeiro paso efectivo que se restablezan as unidades especializadas en todas as Áreas Sanitarias.*
6. *Dar traslado desta moción á Consellería de Sanidade, á Xerencia da Área Sanitaria de Ourense, ao Valedor do Pobo e ás asociacións de pacientes afectados.*

Dona María Mangana Guede, do BNG, cédelle a primeira queda de intervención á representante de afectados polo COVID persistente, **dona Eva Rey López**.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto a favor do Grupo Socialista (6), do BNG (3) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do Grupo Popular (12).

15º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-

Non se presentan.

16º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-

1.- Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de abril de 2025.

Os membros da Corporación quedan informados.

17º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcese as intervencións que se recollen integramente no punto 17º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 17](#)

E, ás 15.01 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.

DILIXENCIA:

De acordo coa normativa aplicable, artigo 109 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), e artigo 2 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, **a presente acta esténdese en documento electrónico e incorporando o arquivo audiovisual da sesión, mediante o sistema de vídeo acta.**

A acta consigna os seguintes extremos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos, e os membros que se escusaron, orde do día, contido dos acordos alcanzados, no seu caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros. Ademais do anterior, a acta incorpora o arquivo audiovisual da gravación da sesión, contendo a literalidade das intervencións, así como a sinatura electrónica da persoa que ostenta a Secretaría do pleno, que dota de fe pública e efectos de dereito ao documento, e da persoa que exerce a Presidencia.

Para os efectos do previsto no artigo 2.4 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, e artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), **por medio deste escrito CERTIFICO a autenticidade e integridade do ficheiro da gravación contido na presente acta.**

PEGADA DIXITAL VÍDEO

```
<iframe width="560" height="315"
src="https://videoacta.depourense.gal/vod/Plenos/2025/06/27/Grabando_en27-06-
2025/video_202506271001000000_FH.mp4" frameborder="0" allow="accelerometer;
autoplay; encrypted-media; gyroscope; picture-in-picture" allowfullscreen></iframe>
```

